CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XV - Nº 177. Novembro 2020. Distribución gratuíta

Asetem prepara a campaña de Nadal, que este ano repartirá 3.000 euros

A Asociación de Empresarios Terra de Melide-CCA pon en marcha un ano máis a súa tradicional campaña "Este Nadal Toca en Melide", que acada nesta ocasión a súa vixésimo segunda edición. Os establecementos asociados teñen de prazo para inscribirse ata o venres 20 de novembro ás 13:00 horas. Este ano como novidade redúcese a contía dos premios a 3.000 euros (tamén se reduce a cota de inscrición), e entregarase coas compras "un anaquiño de ilusión" ademais das rifas. P3

Celebran o 500 aniversario da *Asemblea de Melide*

Será o 4 de decembro, data na que se cumpren 500 anos dunha reunión fundamental para a historia de Galicia que tivo lugar na vila de Melide. P13

Pulo á economía local coa tarxeta "Merca en Melide"

O Concello, en colaboración coa Asetem, promove unhas tarxetas de 50 euros para investir nos establecementos da vila durante o Nadal. P6

EMPRESA
Autónomos e microempresas da comarca xa poden solicitar as achegas do PEL-Reactiva P11

COMARCA
Propoñen a recuperación da antiga Casa Reitoral e da igrexa de San Antolín en Toques P17

CULTURA
Chega a XXXI Semana da Música da Terra de Melide P20

ENTREVISTA

Jesús Ángel Castro Varela, *José Xaneiro S.L.* P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O que temos a man

O tempo non se detén, nin sequera cando unha pandemia mundial se cruza polo medio, de aí que xa teñamos o Nadal ás portas.

Se ben é certo que de aquí a final de ano moitas cousas non serán como en tempos pasados –é o caso das comidas e reunións familiares– outros costumes si poderán manterse, ou polo menos iso agardamos. Falamos das compras de Nadal, iso si, sempre que o contexto permita facelas –incluíndo no contexto tanto a situación sanitaria como o factor económico–.

Neste senso, falando das compras que se aveciñan, non podemos deixar pasar unha iniciativa que vimos nas redes sociais e que espertou numerosas críticas entre o sector do comercio de proximidade; críticas ás que nós tamén nos sumamos tanto como asociación de empresarios, como Centro Comercial Aberto.

Nun momento tan delicado como o que vivimos, resulta que un colexio galego (neste caso de fóra da provincia) promoveu e difundiu nas súas redes sociais unha campaña de colaboración con Amazon. Si, si...

A campaña consiste en doar aos centros educativos adheridos a esta iniciativa unha porcentaxe das compras efectuadas polos clientes a través da Internet en Amazon.es. Ou

o que vén sendo noutras palabras: "ti merca pola Internet no canto de facelo na túa vila, mentres Amazon segue medrando como xigante da venda en liña; iso si, para quedar ben doamos ao centro unha pequena cantidade da compra (concretamente o 2,5% do gasto efectuado) para que o colexio poida comprar o material que necesita DE NOVO EN AMAZON".

Se o miramos con humor a campaña está ben deseñada, para Amazon claro. Por iso a nosa pregunta é, en que lugar encaixa o comercio local aquí? As Administracións inxectando millóns de euros no sector para que sobreviva á que quizais sexa a súa época máis complicada, e os colexios colaborando con xigantes da venda en liña? Pois non nos parece o máis acertado. Xa é complicado concienciar á xente para que merque na súa vila, para que encima teñamos que pelexar tamén con este tipo de iniciativas a gran escala. E vaia por diante que mencionamos aos centros educativos porque a campaña está dirixida a eles, non porque teñamos algo en contra dos mesmos.

Surrealista.

Xa o reivindicamos noutras ocasións e non nos cansaremos de facelo: agora é o momento de mercar e consumir nos nosos municipios. Chegan as compras de Nadal e temos unha moi boa oportunidade para apoiarnos uns aos outros. Ademais, nos establecementos locais hai descontos, promocións, hai variedade de produtos, hai atención e hai –cada vez máis– venda en liña tamén. Pero sobre todo... hai vida, e queremos que siga así.

Con todo, como colectivo empresarial agardamos que a deste colexio sexa unha colaboración puntual e illada, e que non se estenda a outros centros como algo habitual. Oxalá e comecemos a valorar "o que temos a man", ou do contrario o futuro será aínda máis incerto.

Tribuna de opinión

Colaborar, benvido sexa

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Din que os beneficios de colaborar son múltiples, e neste caso podemos afirmalo. O Concello de Melide, en colaboración coa asociación de empresarios (Asetem-CCA), puxo en marcha unha campaña para este Nadal mediante a cal os e as melidenses poden conseguir bonos-tarxeta para gastar no comercio local.

O beneficio é dobre, pois aqueles veciños e veciñas que máis o necesitan reciben unha pequena achega económica e esta a súa vez invístese no comercio e hostalería local. Todo para tratar de axudar a mitigar os efectos adversos que a pandemia da Covid está deixando na nosa economía.

Dadas as circunstancias tan excepcionais que vivimos entendemos que pode ser unha achega insuficiente, pero tamén é certo que podía ser nula. Abonda con botar a vista atrás para intentar localizar a última iniciativa que o Concello de Melide puxo en marcha para promover o comercio local de forma directa, e xa non digamos en colaboración coa Asetem –que no fondo é o que pedimos sempre, colaboración entre as institucións–.

Sexa como sexa, o caso é que calquera proposta que repercuta positivamente na localidade será ben recibida dende o noso colectivo, e se vai dirixida concretamente ao noso sector como son os comercios, empresas e hostalaría da vila, aínda máis.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Vanesa de Quinzán, Silvia Míguez e Jesús Luaces
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf, Ana Mato
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....13
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER 20
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

Ata o 20 de novembro os socios da Asetem poden inscribirse na XXII campaña Este Nadal Toca en Melide

Nesta edición sortearanse 3.000 euros e, ademais das rifas, repartiranse "anaquiños de ilusión" coas compras

Sorteo da anterior campaña de Nadal celebrado en xaneiro pasado

Tratando de darlle certa normalidade á situación sanitaria tan excepcional que atravesamos, e cumprindo sempre con todas as normas establecidas, a Asociación de Empresarios Terra de Melide – Centro Comercial Aberto pon en marcha un ano máis a súa tradicional campaña "Este Nadal Toca en Melide", que acada nesta ocasión a súa vixésimo segunda edición.

Para participar nela os establecementos asociados á Asetem – CCA teñen de prazo para inscribirse ata o venres 20 de novembro ás 13:00 horas, ben de xeito presencial nas oficinas da asociación (R/Lino Sexto Sánchez 1, baixo), ou ben a través do teléfono 981 50 61 88. O material necesario para a campaña (bases, rifas e cartelería) recollerase na sede da asociación a partir do martes 24 de novembro, en horario de 9:00 a 13:30 horas, e antes do martes 1 de decembro.

Pola súa parte, tal e como vén sendo habitual, os comercios ou empresas que estean interesados en anunciarse na radio local terán que comunicarllo á emisora municipal tamén antes do día 20 de novembro.

No caso de querer realizar unha nova cuña publicitaria en vez de repetir a de anos anteriores deberán achegar a súa proposta a Radio Melide o antes posible.

Dinámica

Nesta vixésimo segunda edición a campaña dará comezo o martes 1 de decembro e rematará o venres 8 de xaneiro de 2021, día no que se celebrará o sorteo ante notario. Durante ese período nos establecementos participantes entregaranse rifas aos clientes con cada compra que realicen.

Se as condicións sanitarias o permiten o sorteo terá lugar no transcurso dunha gala musical, adaptada á situación actual, que se desenvolverá na Casa da Cultura nun horario aínda por determinar.

Novidades nos premios

A principal novidade este ano chega da man dos premios, que pasan de 6.000 a 3.000 euros. "Os premios que se sortean proceden da cota de inscrición dos socios na campaña de Nadal, e dada a situación actual consideramos que este ano a mellor opción era reducir a cota de inscrición, pasando de 30 a 15 euros por socio -explicou Pilar López, xerente da Asetem-CCA-, de aí que os premios tamén se vexan reducidos á metade".

Deste xeito, sortearase un premio de 1.000 euros e catro de 500. Ante a incerteza da súa celebración, suprímese ademais o premio de 200 euros que tradicionalmente se rifaba na gala. "Con todo -engadiu Pilar-, queremos destacar que aínda que se reduzan os premios, paralelamente á campaña de Nadal desenvolveranse outras accións para dinamizar as compras".

Como outra novidade, destacar tamén que este ano dentro da campaña, e a maiores das rifas, haberá "unha sorpresa para encher con anaquiños de ilusión as compras que realicen os clientes"; dita sorpresa darase a coñecer coincidindo co inicio da campaña.

A xerente dos empresarios tamén valorou a situación sanitaria actual poñendo o énfase na necesidade de non deixar este ano as compras de Nadal para as últimas horas. "A xente en Melide está moi acostumada a facer as súas compras a última hora, de feito era habitual ver os comercios os últimos días, como a véspera de Papá Noel ou de Reis, abertos ata as once da noite e mesmo as doce -dixo-, e nesta ocasión non poderá ser así, de aí que animemos á poboación a ser máis previsora e por suposto a realizar as súas compras no comercio local, sobre todo nestes momentos".

Na campaña "Este Nadal Toca en Melide" poden participar todos os socios da Asetem-CCA independentemente de cal sexa o seu sector. Como todas as iniciativas da entidade, o obxectivo é estimular as compras na vila e premiar a fidelidade do cliente.

Na campaña colaboran o Concello de Melide e a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Curso de Benestar animal en Asetem

A Asociación de Empresarios Terra de Melide organiza un novo curso de Benestar animal. Será do 23 de novembro ao 9 de decembro (dúas semanas aproximadamente), de 19.45 a 22.15 horas.

A formación terá lugar como de costume no local da Asetem e as persoas interesadas en inscribirse poderán facelo a través do enderezo electrónico (info@asetem.com), ou chamando por teléfono (981 50 61 88), ata o venres 13 de novembro incluído.

Debido á situación sanitaria as prazas son limitadas polo que as persoas interesadas en realizar a formación deberán anotarse canto antes.

O curso comprende un total de 40 horas distribuídas en dous módulos de 20 horas cada un. Un sobre o benestar animal para persoal de granxas e centros de concentración, matadoiros; e outro sobre benestar animal para condutores e coidadores de gando.

A actividade formativa está dirixida fundamentalmente a transportistas, persoal de granxas en xeral, cazadores, etc.

Ao remate da formación cada participante recibirá un diploma acreditativo emitido pola Xunta de Galicia que o habilita para exercer ditas funcións.

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPO)
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

Remata co sorteo dos premios a campaña da Asetem-CCA, *Contigo Somos, Contigo Seremos*, na que se validaron un total de 35 álbums

Lía, man inocente do sorteo, e membros de Asetem e Leirabuxo durante a celebración

Carlos Landín recolleu un vale de 150 euros de mans de Pilar López e Manuel Vázquez

Presidente e xerente de Asetem-CCA entregaron outro vale de 150 euros a Marta González

Rocío Barreiro, responsable de Zafiro Tours, e Manuel Vázquez entregaron a Noelia Vázquez o seu premio; unha fin de semana para dúas persoas

A principal campaña desenvolvida por Asetem-CCA este ano tan atípico, *Contigo Somos Contigo Seremos*, chegou ao seu remate o pasado mes de outubro.

Despois de meses coleccionando os cromos con imaxes antigas da vila de Melide, un total de 35 persoas pasaron polas oficinas da asociación para validar o álbum completo, o que lles permitiu poder participar no sorteo.

"Cremos que foi unha campaña bastante positiva e que incluso o podería ter sido moito máis de non haber un confinamento polo medio", sinalou a xerente de Asetem-CCA, Pilar López. "Cando sacamos a segunda tirada de cromos, antes de decretarse o estado de alarma, a xente comezaba a coñecer a campaña e a demandar os álbums, pero de repente confináronnos a todos e a actividade quedou no esquecemento dous meses e pico –engadiu–, iso motivou que moitos non rematasen de completar o álbum".

Con todo, o balance da campaña é positivo ata o punto de repensar a iniciativa e poñela en marcha no futuro, engadindo algunha que outra novidade. "A idea é seguir con un segundo coleccionable para o ano que vén empezando cunha segunda parte da historia de Melide, con outros anos en concreto".

Como curiosidade destaca o feito de que á hora de coleccionar os álbums, na súa meirande parte foron persoas maiores as que o remataron. "Tamén houbo mozos e mozas, pero percibimos que á xente maior gustoulle moito a iniciativa", destacou a xerente.

Sorteo

Se nun principio tiña previsto celebrarse o sorteo no transcurso dunha gala conducida por Tania Veiras, imaxe actual do Centro Comercial Aberto, e coa actuación de Leirabuxo, finalmente esta tivo que ser suspendida e aprazada por mor da situación sanitaria que vivimos.

Con todo, o venres 23 de outubro celebrouse nas oficinas de Asetem o sorteo da campaña *Contigo Somos Contigo Seremos*, para o que se contou coa presenza e colaboración de Leirabuxo.

Os premiados foron Marta González, con un vale de 150 euros para investir de novo no comercio local de Melide; Carlos Landín, con outro vale de 150 euros; e Noelia Vázquez, que ganou a fin de semana para dúas persoas.

Sen data fixa para a súa celebración, a gala levarase a cabo tan pronto como a evolución da situación sanitaria o permita. Cumpre salientar que pese a rematar a campaña coa celebración do sorteo, aquelas persoas que desexen seguir completando o seu álbum poden facelo obtendo os cromos nos distintos establecementos asociados da vila.

Agradecementos

Dende a xerencia e a directiva de Asetem-CCA quixeron amosar o agradecemento pola súa implicación na campaña a todos os participantes e comerciantes, especialmente a aqueles clientes que completaron o álbum "amosando así o seu apoio ao comercio local", así como a aqueles comerciantes que "insistiron e difundiron continuamente a campaña".

Tamén agradeceron a colaboración prestada por parte da imaxe actual da entidade, Tania Veiras; e por parte da agrupación Leirabuxo que ían participar na gala que finalmente non se puido celebrar.

Dende Asetem-CCA non quixeron esquecer o papel fundamental do Museo da Terra de Melide a través do seu director Xosé Manuel Broz, e da Unidade Parroquial de Melide, que cederon as fotos para a campaña; así como o apoio incondicional do Concello de Melide.

Balance Bono Asetem e Volta o cole

Analizando o desenvolvemento das campañas, dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide – Centro Comercial Aberto tamén avaliaron as últimas accións desenvolvidas.

A este respecto, pese a poñer en marcha un ano máis a campaña do *Bono Asetem*, esta vez de forma conxunta coa iniciativa da *Volta o cole*, a acción non obtivo a repercusión que viña conseguindo en edicións anteriores.

"Aínda que si houbo familias que viñeron a trocar o seu bono, e que tamén participaron na campaña da Volta o cole obtendo vales desconto, non foron tantas como en anos anteriores cremos que debido á inquedanza que houbo arredor de todo o que supuxo o inicio do curso escolar –explicou Pilar López–, os pais e nais estiveron como é lóxico máis preocupados pola volta ás aulas que ao mellor pola compra de material, de aí que se cadra nin se decataran desta campaña en particular".

Con todo, dende Asetem-CCA fixeron un balance positivo en canto aos bonos e vales entregados, agardando poder repetir ambas iniciativas o vindeiro ano "en mellores circunstancias".

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

MARGARITA VILARIÑO RIVADULLA

Sakho Moda *(Cantón San Roque, 11 - Melide)*

"Ao contrario do que poida pensar a xente, traballamos con talles grandes e con marcas para todos os petos"

- Que podemos atopar en Sakho Moda?

- Margarita Vilariño (M.V.): Os xéneros que traballo na tenda son tanto para home como para muller, dedicándome ao mellor un pouco máis á xente moza, pero con roupa que tamén é apta para xente máis maior. E en relación aos talles, si é certo que teño marcas que só traballan ata un L, pero tamén teño marcas como poden ser ESPRIT, Pepe Jeans ou Tommy Hilfiger que chegan ata un XL e mesmo ata un XXL. Así que ao contrario do que poida pensar a xente, si que traballamos talles grandes. E tamén marcas máis asequibles, porque moita xente pensa que unicamente traballamos con marcas que son moi caras, e non é así. Temos algo de todo.

- Cal é o horario da tenda?

- M.V.: De luns a sábado de 10.00 a 14.00 horas e de 17.00 a 20.00 horas. E os domingos de 10.30 a 14.30 horas.

- Como é que se decidiu a emprender?

- M.V.: A miña decisión foi por motivos persoais. Eu son de Santiso pero tiven que virme para Melide, que xa foi un pobo que sempre me gustou. Tiven dous nenos e agora levaba un tempo parada, así que quixen poñerlle solución e un día que ía pola rúa paseando vin o cartel de que traspasaban a tenda e pensei que era unha boa oportunidade. Finalmente decidinme porque cheguei á conclusión de que era unha boa opción para traballar pola miña conta, e ademais o mundo da moda foi algo que sempre me gustou así que dixen, adiante e sen pensalo máis.

- Como afronta o feito de emprender en tempos de pandemia?

- M.V.: Pois mira, teño que ser moi sincera porque a verdade tiña certo temor. Pensaba, "ai deus, abrir nesta situación e se nos volven a confinar". Ademais, a miña parella e eu metémonos a outro negocio hai agora xa case dous anos e, aínda que nos funcionou e as cousas van ben, era aínda un pouco recente; non sei, a todo lle vía problemas ao principio. Pero bueno, ao final animada por meu pai e pola miña parella decidinme. Hai que ser optimista, e se sae ben, sae; e se non sae ben pois non saíu. A día de hoxe estou contenta e agradezo que me animaran a dar o paso.

- De onde vén o nome de Sakho Moda?

- M.V.: Uf... o nome do negocio (risas). Nun principio empecei a pensar eu nomes na casa, eu e a miña parella, pero é bastante complicado elixir hoxe en día, sobre todo polo tema de rexistro de dominios se algún día queres facer unha páxina web. Así que como a min non se me ocorría ningún e quería algo orixinal, que chamase a atención e que dese cobertura a un estilo de tenda que traballa tanto para home como para muller, finalmente falei cunha empresa de Lugo que se dedica a isto. Foi a empresa a que me fixo todo nunha semana, eu só elixín os tons do logotipo. Quedei moi contenta porque incluso despois dinme conta de que no nome da tenda ían de casualidade as iniciais dos meus nenos, que se chaman Sergio e Adrián.

- Que fai diferente a Sakho Moda?

- M.V.: Eu creo que o feito de dedicarme tanto a home como a muller, e porque á parte de traballar marca tamén teño prendas asequibles; é dicir, roupa para todo tipo de público e para todos os petos.

- Como nova socia, que demandaría de Asetem-CCA?

- M.V.: Realmente creo que a asociación está funcionando ben agora mesmo, sobre todo polo que vexo no movemento das redes sociais. O único que ao mellor si me gustaría sería que se fixese algún curso relacionado con iso, coas redes sociais; como por exemplo que poder facer a través delas e como sacarlles máis proveito.

SABER DE LEI

Delito contra á saúde pública

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

A saúde pública constitúe un ben xurídico independente da propia e individual de cada suxeito, e configúrase como un conxunto de condicións positivas e negativas que posibilitan o benestar xeral da colectividade, garantindo unhas condicións mínimas de salubridade e hixiene, obedecendo así o mandato constitucional (art. 43 CE).

A sentenza do Tribunal Supremo 1701/2000, de 7 de novembro, dá unha definición moi interesante para o ámbito penal, na que nos atopamos: *"a saúde pública, como tal, non constitúe unha entidade real de natureza biolóxica, senón unha maneira verbal de sinalar un perigo non permitido dentro da orde social"*.

A protección penal queda reservada neste ámbito para as infraccións máis graves contra a saúde pública, polo principio da mínima intervención e de subsidiariedade fronte a outras ramas do ordenamento. Debido á relevancia do ben xurídico protexido, isto non impide a aplicación de tipos delitivos de perigo abstracto nos que a sanción se adianta á produción de resultados que, nesta materia, poderían chegar a ser catastróficos de esperar a súa materialización.

A súa regulación está contemplada nos artigos 359 a 378 CP, dentro do capítulo III Delitos contra a seguridade colectiva. No referido ao Capítulo III, distínguense dous grupos: - Os delitos relacionados co comercio
- Os delitos de tráfico de drogas

Dentro dos primeiros, os delitos relacionados poden ser:
- A elaboración de substancias nocivas para a saúde ou produtos químicos que poden causar estragos
- Despacho ou expedición de medicamentos
- Dopaxes deportivas
- Fraudes alimentarias
- Os delitos anteriores por imprudencia punible

Dentro do tráfico de drogas:
- Tráfico de drogas, subtipos agravados e atenuados
- Tráfico de precursores de drogas e subtipo agravado
- Actos preparatorios, reincidencia internacional, atemperación pena, decomiso valor da droga e imputación de pagos

Ademais da pena correspondente tamén se dan unhas inhabilitacións especiais para o emprego e cargo público, profesión ou oficio, industria ou comercio, cando calquera dos delitos do Capítulo III do C. P. sexa realizado polas persoas que se determinan no tipo penal.

• Inhabilitación de tres a dez anos cando o suxeito activo sexa:
– Empresario
– Intermediario no sector financeiro
– Facultativo funcionario público, (médicos, psicólogos, persoas en posesión de título sanitario, veterinarios, farmacéuticos e os seus dependentes)
– Traballador social
– Docente ou educador

• Inhabilitación absoluta de dez a vinte anos, cando o suxeito activo sexa autoridade ou axente da mesma, no exercicio do seu cargo

Os Tribunais poden impoñer pena inferior en un ou dous graos á sinalada pola lei para o delito que se trate. As agravantes neste delito serían:
- Que o suxeito abandonase voluntariamente as súas actividades delitivas
- Que colaborase activamente coas autoridades ou cos seus axentes, ben para impedir que se realice o delito ou ben para obter probas decisivas para a identificación doutros responsables
- Cando o reo que fose drogodependente no momento da comisión dos feitos, acredite que finalizou con éxito o tratamento de deshabituación, sempre que a cantidade de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas non fose de notoria importancia ou de extrema gravidade

A saúde, agora máis que nunca, entendemos que debe ser un ben xurídico que debamos protexer por encima de todo.

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

CRISTINA FERNÁNDEZ BARROS

***Latexo Logopedia** (R/Rosalía de Castro, 3 - Melide) - Tfn.: 642 007 210*

"Os nenos cando entran no cole deberían ser capaces de comunicarse con calquera adulto que non sexa do seu entorno e que ese adulto os entenda"

- Que servizos ofrece Latexo Logopedia?

- Cristina Fernández (C.F.): O que eu quero é ofrecer os meus servizos tanto para a poboación adulta como para a poboación infantil, porque a xente ten o concepto de que un logopeda só traballa con nenos, cando realmente calquera persoa en calquera momento da súa vida, dende que nace ata os seus últimos días, pode necesitar da logopedia. Dito isto; dentro do ámbito infantil estou especializada en atención temperá, de 0 a 6 anos, pero si que é verdade que levo traballando máis de dez anos nun centro privado en Pontevedra, polo que tamén teño formación e experiencia en moitas outras patoloxías que non afectan só á atención temperá. Tanto TDH, como dislexia, autismo Asperger, todas as síndromes xenéticas que te poidas imaxinar... E logo tamén estou especializada en disfaxia orofarínxea, que son problemas para tragar; así como, despois de formarme con cursos máis pequeniños en motricidade orofacial tamén me decidín a facer dita especialización.

- Como é que se decidiu a emprender?

- C.F.: O meu soño sempre foi montar o meu centro, pero cando acabei a carreira en 2007 considerei que non estaba preparada para emprender. Primeiro estiven un ano na casa buscando traballo, logo dediqueime a outra cousa que non tiña nada que ver con isto ata que me chamou a que foi a miña xefa durante estes últimos 12 anos. Ao mesmo tempo, estou apuntada nas listas do Sergas onde tiven a oportunidade de traballar en neuroloxía, medicina interna, na UCI, na UCI neonatal, con pacientes con cancro de lingua, de garganta, e sempre vendo casos moi interesantes nos que ademais puiden intervir na súa fase aguda, non cando xa están bastante avanzados; pero chegou o estado de alarma e acabouse o do hospital. Diría que ese foi o punto de inflexión, porque xa tiña pensado deixar o traballo de Pontevedra; así que mentres que estiven encerrada penseino e decidinme.

- Notou o aumento dalgunha patoloxía concreta nos últimos anos?

- C.F.: O que si estou vendo nos nenos é que de forma xeneralizada chegan ao cole falando moito peor. É algo moi habitual. O que pasa é que eu creo que moitas veces non se lle dá a importancia que debería, por descoñecemento non por outra cousa. Sempre se escoita "bueno espera un pouco, xa falará, ten que madurar". Eu como logopeda sempre digo que madura a froita, pero que os nenos teñen un desenvolvemento que se o normotípico é "x", pois todo o que se saia de aí non é ao mellor para traballar cunha logopeda, pero se cadra si para acudir a unha consulta e quedar tranquilo. Eu sempre digo que os nenos cando entran no cole, con tres anos, deberían ser capaces de comunicarse con calquera adulto que non sexa do seu entorno e que ese adulto os entenda. Falará mellor, articulará mellor ou peor, pero ten que facerse entender.

- Que é o mellor e o peor do seu traballo?

- C.F.: É un traballo moi gratificante, cando ti ves que o paciente vai progresando e consegue mellorar, iso é o mellor. Despois das sesións, dos esforzos, dun proceso que case sempre é moi lento e ves os bos resultados, é algo incrible. Logo tamén hai momentos malos, é moi frustrante noutros casos como por exemplo cando acoden os pais co seu neno pensando que é algo leve e en realidade tes que dicirlle que cres que é autismo. Con todo, ao final pesa máis a parte boa que a mala.

- Ademais da consulta, vai poñer en marcha outro tipo de actividades?

- C.F.: Si, teño pensado facer unhas charlas gratuítas coas Anpas para que os pais saiban detectar por exemplo os signos de alerta que deben ter en conta para saber que o desenvolvemento dos pequenos vai ben. Por exemplo, se con un ano o neno non mira, se con dous anos o neno non di absolutamente ningunha palabra nin se fai entender por ningún medio... Serán uns ciclos de charlas gratuítas e cortiñas divulgando tamén o que é a logopedia para que lle sirva non só para os nenos, senón tamén para os adultos. Por outra parte, incorporei tamén un desconto para todas as Anpas. E finalmente, a miña idea é preparar tamén unha proposta para o Concello de Melide de cara a dar terapias ou talleres para os máis maiores, incluídas as residencias e os centros de maiores. E non só para este concello, senón tamén para os de arredor. Serían talleres de memoria, de linguaxe, algo sobre prevención de problemas de voz, tamén quero facer algunha proposta para os profesores, todo nese sentido.

- Algunha petición para Asetem-CCA como nova socia que é?

- C.F.: A min o que me gustaría, máis que axudarme a min, sería poder colaborar coa asociación. Facer algo cos empresarios, como por exemplo un taller de prevención de problemas de voz polo uso da máscara, ou un taller de oratoria, e ao mesmo tempo axudar a darlle visibilidade ao meu traballo.

Pulo do Concello de Melide á economía local con tarxetas de 50 euros para mercar este Nadal

O Concello de Melide, en colaboración coa Asociación de Empresarios Terra de Melide - Centro Comercial Aberto, lanza unha nova iniciativa para incentivar as compras e o consumo nos vindeiros meses. Trátase da "Tarxeta Merca en Melide" que se porá en marcha dentro da campaña de Nadal.

Esta Tarxeta terá un valor de 50 euros que repercutirán directamente nos negocios locais, xa que só poderá empregarse para facer compras nos establecementos da vila (comercio, hostalería...) adheridos a esta iniciativa (sexan ou non socios da Asetem).

Xosé Igrexas, concelleiro de Promoción Económica do concello de Melide, apuntou que "esta proposta terá unha repercusión de preto de 40.000 euros no comercio e hostalería do noso concello, co que pretendemos poñer o noso grao de area para axudar a sobrelevar estes meses de perdas e incerteza para os establecementos da vila". Así mesmo, engadiu que "coa tarxeta incentivamos o consumo nos negocios locais, facendo partícipes tamén a toda a veciñanza do papel necesario de revitalización da actividade económica de proximidade".

Funcionamento

Aqueles comercios e locais de hostalería interesados en participar na campaña teñen de prazo ata o 20 de novembro para cubrir a súa solicitude na sede da Asetem (R/Lino Sexto Sánchez 1, baixo).

Unha vez rematado este prazo, a listaxe dos establecementos participantes farase pública na web do Concello de Melide e na web da Asetem (onde xa poden consultarse as bases), para que os veciños e veciñas saiban onde poden trocar as súas tarxetas Merca en Melide.

Pola súa parte, os veciños e veciñas interesados en mercar esta tarxeta terán que achegarse ás instalacións da Asetem para adquirila.

O custo de adquisición destas tarxetas será de 30 euros, asumindo o Concello unha cantidade de 20 euros por cada bono.

Finalmente, o prazo para gastar o importe das tarxetas será do 4 de decembro ao 5 de xaneiro, ambos incluídos.

Cómpre sinalar que a tarxeta Merca en Melide é válida para calquera persoa, sexa ou non do concello de Melide.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ópticastábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

dias azuis
DO COMERCIO GALEGO
EDICIÓN NOVEMBRO
Mercar no comercio local ten premio
Do 9 ao 30 de novembro
16.200€
en premios
tarxetas prepago de 300€ e 150€
Sorteo ante notario 4 de decembro de 2020
COMERCIO SEGURO
Como participar?
1 Merca no comercio galego de proximidade
2 Rexistra a túa compra en www.diasazuis.com
3 Garda o teu ticket
Tamén podes solicitar ao comerciante que rexistre a túa compra en www.diasazuis.com/comercios, e duplicar as túas opcións de gañar
Séguenos en
#díasazuis
@comerciogalicia
Federación Gallega de Comercio
FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO
XUNTA DE GALICIA
Colaboran
//ABANCA
Novogal
comerciogalicia.es
Campaña Días Azuis do Comercio Galego. Federación Galega de Comercio. Ronda Muralla, 52-Ent. D. 27002-Lugo. CIF: G-27170158.
Información a bases da campaña en www.diasazuis.com (Bases depositadas ante notario) ou no teléfono gratuito 900 103 087

Melide apoia con 69.000 euros ás entidades locais, entre elas, Asetem

O presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide, Manuel Vázquez García, e o alcalde de Melide, José Manuel Pérez, asinaron no concello un convenio de colaboración mediante o cal a patronal recibe unha achega económica de 4.000 euros.

Esta subvención nominativa facilítalle á asociación de empresarios seguir coas diferentes campañas que ten en marcha, así como emprender outras novas e mesmo sufragar gastos derivados das accións encamiñadas á prevención da Covid-19 tanto no local da entidade como nos establecementos asociados.

O alcalde de Melide e o presidente da Asetem durante a sinatura

Apoio ao tecido asociativo da vila

Dende o Concello de Melide consideraron así mesmo "prioritario" o apoio ás asociacións de carácter deportivo, social e cultural da vila para que continúen co "importante labor" que desenvolven no municipio e "co dinamismo de actividades que as caracteriza".

Neste senso, ademais de coa Asetem, o rexedor melidense asinou con diferentes representantes doutras asociacións os convenios de colaboración a través dos cales ditos colectivos de carácter deportivo, cultural e social de Melide percibirán subvencións nominativas por un valor total de 65.000 euros.

Entre as agrupacións e entidades beneficiarias atópanse a Asociación cultural Charamela -4.000 euros-, o Museo Terra de Melide -8.000 euros-, a Escudería Melide Motorsport -4.000 euros-, a Asociación de Hostalería Melide Móvese -4.000 euros-, a Coral Polifónica de Melide -4.000 euros-, Herba Grileira – 4.000 euros-, a Asociación Cultural Catasol -1.000 euros-, o Fútbol Club Cire de Melide -20.000 euros-, Alecrín asociación de mulleres rurais da comarca de Melide -4.000 euros-, o Club Melide Fútbol Sala -2.000 euros-, a Asociación Deportiva Cerne -4.000 euros-, e Cáritas de Melide -6.000 euros-

Formación en Asetem

O departamento de Riscos Laborais da Confederación de Empresarios da Coruña desenvolveu nas instalacións de Asetem-CCA un curso de Manexo seguro de carretillas elevadoras.

A formación, dunhas dez horas en total, desenvolveuse os pasados xoves 15 e venres 16 de outubro en horario de tarde e contou coa asistencia de 15 persoas.

Durante a xornada do xoves os alumnos recibiron a formación teórica necesaria no salón de actos da asociación de empresarios. Posteriormente, na tarde do venres desenvolveron no Palacio de Congresos e Exposicións de Melide a parte práctica, coa condución das carretillas.

Ao remate da formación, que é gratuíta para os alumnos, entrégase un título que habilita para o exercicio de ditas funcións.

Novos cursos

Conscientes da demanda que xeran este tipo de accións formativas, e da lista de espera para participar nas mesmas, dende Asetem-CCA informaron de que tan pronto como as condicións sanitarias o volvan a permitir porase en marcha un novo curso de manexo de carretillas elevadoras, así como un de plataformas elevadoras (pendente de celebrarse).

As persoas interesadas en realizar estes cursos poden solicitar máis información e anotarse en Asetem-CCA (981 50 61 88).

75 anos de *Ferretería Noguerol*

Fernando Garea: “Daquela a venda estaba baseada sobre todo no agro, era outro tipo de mercado. Entón vendíanse sachas e agora véndense robots cortacéspede”

Tres cuartos de século pasaron dende que Ferretería Noguerol comezou a súa andaina en Melide. Foi no mes de novembro de 1945, cando o avó de Fernando Garea colleu o traspaso da ferraxería. “El e máis o seu cuñado, e máis a miña avoa e a miña tía, xestionárona ata o ano 98”, lembra Fernando, data a partir da cal el mesmo tomou as rendas do negocio.

“En 1998 só quedaban dúas saídas, vender ou pechar porque non había relevo xeracional; así que da noite para a mañá, literalmente, collino eu –explica–,estaba estudando na Coruña e recordo que mo propuxeron un venres, porque a opción era que o luns había un comprador para o negocio e vendíase; así que o venres tomei a decisión e o luns plantei a carreira e vinme para aquí a coller o que había”.

A ilusión de seu pai por “non deixar morrer un negocio” no que xa levaban traballando tantos anos seus avós foi o que motivou a Fernando a dar o paso. Dende entón, os cambios e a evolución no sector foron unha constante; pero tamén o foi a adaptación a eses cambios, factor que permitiu desenvolver diferentes liñas de negocio ata desembocar no que hoxe en día coñecemos como Grupo Noguerol.

> “Daquela o que se vendían eran puntas, carretillas, tinas de plástico..., era outro tipo de mercado completamente distinto”

Fernando Garea, director xeral de Grupo Noguerol, e Nuria Mejuto, responsable de márketing

Un antes e un despois de 1998

Ata finas dos anos 90 Fernando Garea lembra como era a ferraxería. “Era unha ferretería de pobo, de toda a vida, coas potas colgadas encima do mostrador. Daquela a venda estaba baseada sobre todo no agro; o que se vendían eran puntas, carretillas, tinas de plástico, era outro tipo de mercado completamente distinto, era unha ferretería máis de proximidade na que non había os avances do mundo da bricolaxe que hai hoxe, nin había a dedicación aos xardíns que hai na actualidade. Entón vendíanse sachas e agora véndense robots cortacéspede; é máis, no ano 98 quen se imaxinaba que ían aparecer monstros nas cidades dedicados única e exclusivamente ao sector da ferrertería como poden ser as grandes áreas que todos coñecemos”.

Vendo que se facía necesaria unha adaptación aos tempos, unha das primeiras accións que realizaron nada máis coller o negocio foi a reforma integral das instalacións situadas no centro da vila.

Posteriormente, no ano 99 iniciaron o proxecto das instalacións situadas ás aforas de Melide, que abriron as súas portas no ano 2005. “A partir de aí foi todo ampliar servizos e ampliar oferta de cara aos clientes”, sinala Garea.

> “Unha novidade importante é a tenda en liña que temos desde o mes de xuño. Outro proxecto a curto prazo é ampliar mercado na zona”

E tanto foi así que de tres empregados a finais dos 90 pasaron a 26 na actualidade. “Pasamos de ser unha ferretería tradicional a converternos nunha ferretería de subministro industrial, a montar no ano 2015 un taller de reparación, tamén contamos con sección de alugueiro de maquinaria, especializamos a tenda do centro en menaxe para fogar e hostalería, pero tamén destaca o apartado de cociña e baño, e aí seguimos, medrando pouquiño a pouco”.

Os retos de futuro

Pensando no futuro, en Grupo Noguerol xa traballan en diferentes novidades. Unha das principais é o reto que supón a venda en liña e a dixitalización do negocio. “Dende o mes de marzo estamos destinando cada mes todos os recursos posibles á dixitalización; de feito, unha novidade importante sería a tenda en liña que temos desde o mes de xuño e a páxina web, recentemente redeseñada”. Así mesmo, outro dos proxectos a curto prazo é ampliar mercado na zona.

Non obstante, e como en moitos outros sectores, Fernando Garea amósase cauto con respecto aos plans de futuro a longo prazo, sobre todo, nun ano tan atípico como o que estamos vivindo. “Temos en marcha outra tenda en liña dedicada só a cociña e baño, e probablemente propoñamos máis novidades de cara a 2021 en canto a reestruturación de departamentos, xeración de novos servizos, etc, pero agora mesmo na incerteza na que nos atopamos sería moi precipitado poder avanzar algo máis”, asegura.

A importancia de marcar a diferenza

Nun mundo tan competitivo como é o comercial, marcar a diferenza faise imprescindible. Neste senso, en Noguerol traballan coa idea dun modelo de empresa moi concreto. “Procuramos facer as pequenas cousas ao grande, desde o trato ao cliente, ata a seriedade demostrada nos últimos anos, levando implícito o espírito dunha empresa familiar –di–, e para todo iso é preciso mirar máis aló dos números”.

> “Procuramos facer as pequenas cousas ao grande levando implícito o espírito dunha empresa familiar, e para iso hai que mirar máis aló dos números”

Nese contexto enmarcan tamén a súa filosofía de empresa, fundamentada en ofrecer servizos de alta calidade, intentando mellorar día a día e ao mesmo tempo tratando de buscar a felicidade dentro do traballo. “Como desde dentro non traballes en iso acábaste convertendo nunha gran superficie, non nun negocio familiar dun pobo de 8.000 habitantes”, recalca Garea.

Con este concepto non é de estrañar que “ilusión, responsabilidade e sen lugar a dúbidas capacidade de adaptarse aos cambios” sexan as tres principais características que Fernando Garea demanda no cadro de persoal que conforma a familia de Grupo Noguerol.

A chegada da pandemia, o momento máis duro en 75 anos

Sen pensalo nin un segundo,

Fernando define a aparición da pandemia, especialmente os meses de marzo e abril pasados, como o peor momento vivido en todo este tempo. "En 75 anos houbo momentos moi difíciles, pero sen lugar a dúbidas este foi o máis largo, o máis incerto e o máis dramático. A nós concretamente afectounos ata o punto de que nos cambiou como empresa; é difícil de expresar, pero tiven a percepción de que se nos escapaba todo, non lle atopaba sentido a nada. Foi moi difícil xestionar a situación".

"En 75 anos houbo momentos moi difíciles, pero sen lugar a dúbidas este foi o máis largo, o máis incerto e o máis dramático"

Con todo, en Grupo Noguerol crearon un "equipo de crise de cinco persoas que non pararon de traballar nin un só día" pese a ter que pechar as portas durante mes e medio. "Foi pensar que se acababa todo e que non iamos dar levantado cabeza", lembra Fernando.

Pero nada máis lonxe da realidade, pois tralo levantamento das restricións e despois de retomar a actividade pouco a pouco, a día de hoxe aumentaron o cadro de persoal e obtiveron "preto dun 10% de incremento de negocio con respecto ao ano pasado".

Na actualidade Grupo Noguerol conta con máis dunha vintena de empregados, e entre os seus servizos inclúen taller de reparación e alugueiro de maquinaria

Analizando o posconfinamento e a situación actual, Garea asegura que onde máis notaron ese incremento foi na venda de produto, na venda de ferraxería. "Despois tamén medrou o alugueiro de maquinaria e o taller tamén se disparou, iso xa desde o mes de marzo, desde o momento en que pechamos, que xa notamos un aumento de demanda que non puidemos atender porque tiñamos cerrado; pero en canto abrimos estivemos preto de 15 días atendendo con unha mesa na porta e con colas de ata 25 persoas", destaca.

A todo isto, Fernando engade un novo consumidor que saíu da era Covid buscando a proximidade e afastándose das grandes superficies comerciais. "É unha das grandes diferenzas que nós estamos apreciando no consumidor, que a xente non se quere desprazar".

"O consumidor que sae da Covid non se quere desprazar e valora moito máis o servizo que o prezo, son as grandes diferenzas que notamos"

"A outra diferenza é que agora valoran moito máis o servizo que o prezo; son aspectos que realmente palpamos dende o mes de marzo. Os clientes queren servizo, seguridade e que lles deas un trato amable, mentres que o prezo pasa a ser algo secundario", matiza.

O segredo para sobrevivir 75 anos

Altos e baixos propios de cada sector, recesións económicas no país, competir coas grandes superficies comerciais, agora unha pandemia... pese a todo e como terceira xeración ao fronte do negocio, Fernando Garea teno claro á hora de revelar cal é o segredo para sobrevir durante todo este tempo.

"Probablemente asumir riscos, logo aplicarlle constancia e tamén unha filosofía moi especial de xestionar o negocio: dende traballar todos os días por un clima laboral axeitado, ata valorar ao persoal máis aló dos obxectivos –insiste–, eu son dos que recoñece que sen un equipo non fago nada e sempre tiven a sorte de ter aos mellores, independentemente de que uns entren ou saian, sempre estiven rodeado dun equipo humano que nunca crin que o merecéramos", engade.

Todo isto sen esquecer "o mellor factor humano que temos, que son os clientes por suposto; en 75 anos se algo non fixeramos ben sería imposible seguir mantendo aos clientes de sempre".

Os concellos da Comarca teñen o prazo aberto ata o 25 de novembro para solicitar as achegas do PEL-Reactiva

As solicitudes realízanse a través dos propios concellos

As microempresas e autónomos e autónomas da Comarca da Terra de Melide xa poden solicitar as achegas do PEL-Reactiva da Deputación da Coruña para facer fronte aos gastos derivados da pandemia.

Requisitos

En termos xerais, as axudas da liña PEL-Reactiva poden solicitalas os autónomos, autónomas e microempresas con domicilio fiscal nos concellos de Melide, Santiso, Sobrado e Toques que se viran afectadas polo peche do negocio durante o estado de alarma, así como aquelas que viran reducida a súa facturación en máis dun 75% ou se acolleran a un ERTE como consecuencia da situación de crise sanitaria orixinada pola COVID-19.

As subvencións, compatibles con outras prestacións municipais, oscilarán entre os 1.500 euros para traballadores por conta propia sen traballadores ao seu cargo e os 3.000 euros aos que poden optar as microempresas e autónomos que conten cun cadro de persoal de entre 6 e 9 traballadores.

Os fondos poderán ser destinados, entre outras cuestións, a gastos de adaptación e acondicionamento dos negocios á nova realidade derivada da pandemia, como pode ser a compra de paneis de protección, a adquisición de produtos hixiénicos e de limpeza, material antiséptico ou desinfectante, así como a gastos correntes de subministracións de auga, luz, gas, etc.

O prazo de solicitude destas axudas por parte das microempresas e profesionais autónomos finalizará ás 14:00 horas do día 25 de novembro de 2020.

CONCELLO	Achega da Deputación (80%)	Achega municipal (20%)	TOTAL (importe a xustificar)
MELIDE	175.687,49 €	43.921,87 €	219.609,37 €
SANTISO	16.130,60 €	4.032,65 €	20.163,25 €
SOBRADO	23.127,00 €	5.781,75 €	28.908,76 €
TOQUES	11.271,99 €	2.818,00 €	14.089,98 €
TOTAL	**226.217,08 €**	**56.554,27 €**	**282.771,36 €**

Asetem pon en marcha as páxinas web dunha vintena de asociados

Máis dunha vintena de socios e socias da Asetem-CCA interesáronse pola proposta de dixitalización presentada dende a asociación. En concreto son 23 os negocios de diferentes sectores que terán operativa ao longo do mes de novembro a súa propia páxina web, dentro da páxina oficial da patronal.

Estes 23 comercios e empresas terán así o seu negocio nun subdominio da propia web da Asetem, a través da cal poderán vender en liña. "Cada comerciante xestionará o seu propio espazo, que estará no apartado de socios da páxina da asociación, e contará con plataforma de pago para poder vender a través da mesma", explicou Pilar López, xerente da entidade.

Ademais, o feito de que os comerciantes teñan a súa propia web integrada en www.asetem.com permitiralles un mellor posicionamento na rede e maior visibilidade no ámbito dixital.

Pola súa parte, no caso de que un negocio xa dispoña de páxina web completa, esta será incluída na da Asetem mediante unha ligazón directa.

Unha alternativa gratuíta para os socios

Outra das vantaxes desta proposta é que as páxinas web son gratuítas para os asociados e asociadas, o que lles permite un aforro considerable, "ten en conta que unha tenda en liña supón normalmente para unha empresa un investimento que anda entre os 500 e os 1.000 euros; sen embargo desta forma, ao estar dentro da Asetem aforrarán os gastos de aloxamento web", destacou a xerente.

A gratuidade da iniciativa foi posible grazas a unha achega económica da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia.

Un futuro dixital

Concienciados coa idea de que o futuro comercial pasa por estar na Internet, "e máis ante as condicións sanitarias que vivimos", dende a Asetem apelaron á necesidade de tomar conciencia ante a venda en liña.

"Entendemos e compartimos a visión do comercio local tradicional, pero á vista está que todo apunta cada vez máis ao camiño da Internet –dixo a xerente–, aí están as achegas económicas, a maioría delas destinadas única e exclusivamente á dixitalización comercial".

Bandomovil

Despois de barallar meses atrás a posibilidade de incorporar a aplicación Bandomovil como unha ferramenta máis de información sobre as novas da patronal, este mes de novembro a App xa está dispoñible para a asociación de empresarios.

"É unha aplicación que se pode descargar no móbil de forma gratuíta", sinalou a xerente, "unha vez descargada, os usuarios recibirán todas as actividades, campañas e cursos que realice a asociación, así como calquera outra novidade", egadiu.

A App Bandomovil para Asetem-CCA serve así como instrumento complementario ás redes sociais e ao xornal Cerne na difusión das novas do colectivo empresarial.

Secundan a folga por un IVE xusto

O sector dos salóns de peiteado e da estética de Melide secundaron masivamente a folga convocada o pasado martes 20 de outubro en protesta por un "IVE xusto".

Dentro da Asetem-CCA foi unha ampla maioría a que decidiu pechar as súas portas durante a xornada, como foi o caso de Peluquería Coral, Santín & Amo Perruqueiros, Meixela Centro de Estética ou DivaPro Hair&Beauty Melide.

Reclaman a redución deste imposto, que actualmente é do 21% para o sector (anteriormente era do 10%), e que ao seu parecer é "abusivo e inxusto" provocando nalgúns casos o peche dos establecementos.

A isto hai que sumar a situación sanitaria derivada da Covid, que ao motivar a suspensión de numerosos eventos provocou que o sector vise reducido os seus ingresos.

A ganadora dos *Días Azuis* en Melide recolle o seu premio en Meixela

Ata o 30 de novembro celébrase unha segunda edición da campaña na que, de novo, se sortean 16.200 euros

A primeira edición deste ano da campaña *Días Azuis do Comercio Galego*, atrasada ao mes de setembro por mor da pandemia da Covid-19, deixou unha premiada en Melide, concretamente nun establecemento asociado á Asetem-CCA.

Foi en Meixela Centro de Estética onde Yolanda Pérez Ferreira (centro da imaxe) participou rexistrando o seu tícket de compra e ganou unha tarxeta de 150 euros que agora poderá investir de novo no comercio local galego.

Dada a situación sanitaria na que nos atopamos, este ano a entrega das tarxetas aos premiados non tivo lugar nun acto colectivo, senón que cada asociación fixo entrega da mesma aos seus premiados e premiadas.

Deste xeito, a ganadora de Melide, Yolanda Pérez, recolleu o seu premio no propio centro de estética onde estivo acompañada pola responsable do mesmo, Nuria Carreira; e pola xerente da Asetem-CCA, Pilar López.

Máis de 100.000 tíckets rexistrados

A participación nesta edición da campaña *Días Azuis*, a quinta, "foi moi significativa, rexistrándose un total de 100.158 tíckets pertencentes a compras realizadas en máis de cen localidades galegas, o que supón que se mantén a fidelidade de comerciantes e clientes nesta iniciativa de promoción, cun aumento porcentual de un punto", sinalaron dende a Federación Galega de Comercio, entidade organizadora da campaña.

O sorteo dos premios tivo lugar o pasado 7 de outubro na sede da Federación Galega de Comercio e ante o notario José Manuel López Cedrón. En total sorteáronse 16.200 euros repartidos en 80 tarxetas prepago de 300 e 150 euros.

Pola súa parte, a campaña desenvolveuse entre os días 14 e 30 de setembro.

Esta iniciativa ten como obxectivo principal dinamizar as vendas no comercio de proximidade e premiar a fidelidade dos clientes; así como recuperar a confianza do consumidor nos establecementos locais como lugares seguros para comprar; "fins máis que nunca oportunos dada a situación do sector derivada da crise provocada pola Covid", engadiron dende a Federación.

Segunda edición: ata o 30 de novembro

Este mes de novembro, ata o día 30, ten lugar a segunda edición dos *Días Azuis do Comercio Galego*.

De novo, a dinámica consiste en mercar nos establecementos do comercio de proximidade (estean ou non asociados a Asetem-CCA) e rexistrar a compra e fotografía do tícket en www.diasazuis.com; ou ben que a rexistre o comerciante en www.diasazuis.com/comercios, duplicando deste xeito a participación do cliente na campaña.

O sorteo dos *Días Azuis* de novembro, con outros 16.200 euros en xogo, terá lugar o 4 de decembro.

A iniciativa dos *Días Azuis*, xa consolidada no calendario do comercio galego, conta para a súa posta en marcha coa colaboración da Xunta de Galicia, ABANCA e as federacións provinciais, asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos de toda Galicia.

Conmemoran o quinto centenario da *Asemblea de Melide*, encontro fundamental na historia de Galicia

O Museo da Terra de Melide (como promotor da iniciativa), xunto a representantes do Concello de Melide e do Consello da Cultura Galega conmemorarán o vindeiro 4 de decembro na localidade o 500 aniversario da *Asemblea de prelados e cabaleiros do Reino de Galicia*, celebrada na vila o 4 de decembro do ano 1520.

Nesa data, Melide albergou unha das citas fundamentais da historia de Galicia, e da vila, xa que "conseguiuse reunir ós poderes estamentais galegos nunha reunión na que se ía falar por e para Galicia, collendo a súa vez a testemuña da xuntanza celebrada 53 anos antes (1467), tamén en Melide con motivo da 2ª Revolta Irmandiña", explica Cristina Vázquez, arqueóloga e técnico do Museo da Terra de Melide.

Desenvolvemento dos acontecementos

"No mes de marzo do ano 1520, o rei Carlos I de España (coñecido como Carlos V polo seu título de Emperador), convocou Cortes en Santiago xa que se atopaba de viaxe cara a Coruña. Nesa celebración de Cortes, Galicia non tiña voto de seu dende o século anterior, e todas as decisións que se plantexaran en nome deste Reino debían ser defendidas por Zamora, que era a cidade que representaba o voto de Galicia en Cortes. O Convento de San Francisco de Santiago foi o escenario escollido para a celebración de ditas Cortes, sen estar convidados ningún membro da nobreza nin prelados galegos; de aí que a irrupción do arcebispo de Santiago, Alonso III de Fonseca e Ulloa, motivase a súa expulsión non permitíndoselle a entrada".

"Ante tal feito e motivado polo desplante do rei, Alonso III de Fonseca decidiu convocar ós poderes estamentais galegos (nobreza e alto clero), nunha xuntanza en Melide para reclamar varios acordos en nome de Galicia".

Así, o 4 de decembro de 1520, o arcebispo de Santiago, Alonso III de Fonseca, iniciou a reunión na que se xuntaron *'en Melide os prelados e cabaleiros do Reino de Galicia, por ser la metad del Reyno'*.

"Esta *Asemblea de Melide* conseguiu reunir ás distintas forzas sociais de Galicia, representadas por bispos, señores nobiliarios e representantes das vilas e cidades, o que significa que por segunda vez na Historia, Melide foi o lugar onde se decidiron fundamentais e transcendentais decisións políticas e sociais, converténdose así, no cerne da configuración política da Baixa Idade Media e dos inicios da Idade Moderna de Galicia", destaca Cristina.

"Non coñecemos o lugar exacto onde se celebrou dita reunión; obviamente non puido ser no castelo xa que se achaba totalmente derrocado. Cabe a posibilidade de que se fixese a xuntanza ou ben no Convento que os Franciscanos posuían na vila, ou ben na antiga igrexa parroquial de Melide, a antiga e demolida igrexa de San Pedro, ou incluso na Capela de San Sebastián, un pequeno templo situado extramuros da vila, no que hoxe é o Cruce de Melide".



Debuxo de Xosé Manuel Broz da antiga igrexa de San Pedro de Melide, "un dos posibles escenarios do acto"

Un feito único na historia de Galicia

"A decisión de xuntarse a decidir e plantexar medidas ó rei para ser aplicadas no Reino de Galicia, supuxo un feito único na historia de Galicia, xa que as propostas asinadas tiñan que ver única e exclusivamente con necesidades propias do Reino de Galicia".

Entre esas propostas realizadas destacaron as de solicitar e acadar o voto en Cortes para Galicia (representada por Zamora naquel momento); conseguir unha Casa de Contratación de especias e mercadorías de ultramar para A Coruña; ou crear unha Capitanía Xeral para Galicia, tamén asentada na Coruña. Iso si, "das peticións importantes e fundamentais case ningunha obtivo unha reposta pronta e favorable".

Alumnas e alumnos de 6º do CEIP Nº1 de Melide pintan un graffiti pola igualdade

(Foto: Anpa O Forte)

Dende a Anpa O Forte do CEIP Nº1 de Melide son conscientes da lacra actual da violencia de xénero e quixeron, xunto coa comunidade educativa, aportar o seu gran de area "para cambiar o prisma e actitudes fronte ao sexismo".

Así, ao longo deste mes de novembro están a desenvolver a iniciativa *Educando en igualdade*; un programa co que se involucra tanto ao alumnado como as súas familias "nun concepto de igualdade que só pode ser plasmado na realidade coa motivación dos e das menores, que son os piares para ir acadando pouco a pouco unha futura sociedade máis igualitaria", sinalaron dende a Anpa.

Dentro do programa *Educando en igualdade* e respectando todas as medidas que esixe o protocolo sanitario, todos os alumnos e alumnas do colexio, dende os máis pequenos ata os maiores, están a participar e gozar de diferentes obradoiros, como son por exemplo: Escena do crime, Teito de cristal, A voz feminina, Escola de pais, Xogando en igualdade, Ilustrando a igualdade, Siluetas ou o Graffiti pola igualdade que recentemente fixeron os alumnos e alumnas de sexto curso de Primaria para adornar o patio de Infantil.

Cómpre sinalar que tódolos obradoiros e actividades que se están a levar a cabo durante o mes de novembro dentro do horario lectivo son subvencionados pola Xunta de Galicia a través da correspondente Consellería, e tamén polo Ministerio de Igualdade.

Coeducación

Por outra banda, a Anpa O Forte do CEIP nº 1 de Melide "négase a parar a coeducación dos nenos e nenas do seu colexio a pesar dos momentos difíciles que estamos a pasar pola covid-19". Por iso, está a promover iniciativas tan interesantes para a vila como foi a de bonificar as clases extraescolares de reforzo educativo grazas a unha subvención da Deputación, colaborando así con tódalas academias do concello.

Adxudican a reforma da ponte de Furelos

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana adxudicou as obras de rehabilitación e posta en valor da ponte medieval de Furelos, tal e como recolleu o Boletín Oficial do Estado (BOE).

A intervención foi adxudicada á empresa Extraco S.A. por un importe total de 213.687 euros.

16.000 euros para mellorar os parques

Melide destinará 15.838 euros a actuacións de mellora en catro parques infantís da vila tras detectar deficiencias nos seus elementos.

Os parques nos que se actuarán son o situado na urbanización Taboada Roca, o da urbanización As Granxas, o Parque Rosalía de Castro e o instalado no interior do Pazo de Congresos.

Melide volve a tinguirse de negro fronte á violencia contra a muller

De cara ao *Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller*, que se conmemora o 25 de novembro, a Concellería de Política Social do Concello de Melide puxo en marcha un programa de actividades no que participan diferentes colectivos da localidade.

Así por exemplo, o 25 de novembro a radio municipal contará cunha programación especial co obxectivo de "dar visibilidade a unha lacra que continúa presente na nosa sociedade".

A maiores, terá lugar a lectura dun manifesto ao que porán voz as mulleres da vila.

Pero tamén ao longo do mes de novembro desenvolvéronse numerosas actividades con diferentes colectivos para conmemorar o día 25 "e tratar de concienciar así a grandes e cativos sobre un problema que cada vez se fai máis latente na nosa sociedade e que convén erradicar canto antes", sinalou a concelleira de Política Social, Carmen Liñeira.

Neste senso, o programa de actividades comezou con un curso especializado, que se desenvolveu do 3 ao 11 de novembro, e que estivo dirixido ao persoal policial do concello de Melide co obxectivo de reforzar a formación dos e das profesionais implicados na prevención, atención e integración das vítimas de violencia de xénero.

A seguinte actividade iniciouse o luns 9 de novembro e tivo lugar no IES de Melide, onde o alumnado asistiu a un obradoiro onde se traballou sobre un texto que escribiu Rosalía de Castro no 1858; texto considerado como o primeiro manifesto feminista.

De dito obradoiro, dirixido por Cristina Collazo da compañía *A Cova das Letras*, saíran as accións e localizacións para a realización dunha peza audiovisual.

O resultado desta actividade poderá verse a través das redes sociais do Concello de Melide.

Melide en negro* e *De fronte á violencia de xénero

Ao igual que o ano pasado, o Concello de Melide tamén formará parte este ano da campaña colectiva de sensibilización social contra as violencias machistas *Melide en negro*, onde por medio de carteis os centros educativos e os establecementos locais amosarán a súa repulsa á violencia de xénero.

Así, a través de *Melide en negro* "a vila volverá a vestirse de loito en sinal de dor por todas as mulleres que sofren violencia, e como resposta á máis dura das súas consecuencias, a morte", sinalaron dende o Concello.

Como novidade, este ano o Concello de Melide tamén asinou a súa adhesión á campaña da Deputación provincial *De fronte contra a violencia de xénero*, unha campaña e programa de actividades que apela directamente á implicación dos Concellos da provincia, estendendo o chamamento á acción a calquera outra entidade do tecido social, educativo, empresarial, familiar, etc.

Melide paga aos provedores nunha media de menos dun día

Segundo o dato feito público polo servizo de Intervención no mes de outubro, referíndose ao terceiro trimestre do ano -que vai dende xullo a setembro-, o Concello de Melide aboa as facturas aos seus provedores nunha media de 0,95 días dende a aprobación correspondente da factura.

Esta cifra extráese do último informe trimestral elaborado polo servizo municipal encargado das contas, que cada tres meses está obrigado a informar á Administración estatal da situación da facenda local.

O concelleiro de Facenda do Concello de Melide, Xosé Igrexas, explicou que "os datos deste terceiro trimestre son mellores incluso que os rexistrados no segundo trimestre deste ano, que foi de 1,65 días, polo que agardamos seguir traballando nesta liña nos vindeiros meses".

Dende a área de Promoción Económica e Facenda de Melide congratuláronse de que se poidan axilizar os pagos das facturas nestes momentos, para poder así dar liquidez ás empresas ante a crise ocasionada pola pandemia.

Sinalizan unha parada de autobús no cantón de San Roque

A sinalización dunha nova parada de autobús no centro urbano de Melide por parte do Goberno local espertou as críticas da oposición.

Segundo denunciou a voceira do Partido Popular melidense, Dalia García, o Goberno local "instalou unha parada de bus no Cantón de San Roque sen permisos".

Non obstante, e tal e como explicaron dende o Concello de Melide, o Goberno local solicitou o pasado mes de marzo os permisos necesarios para o cambio e sinalización da parada tanto a Patrimonio como ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (anteriormente Fomento); unha solicitude que recibiu informes favorables e en consecuencia as pertinentes autorizacións.

A Deputación estuda melloras nas estradas dos Camiños

O deputado responsable da área de Vías e Obras da Deputación da Coruña, José Manuel Pequeño, reuniuse co alcalde de Melide, José Manuel Pérez, e o tenente alcalde e concelleiro de Urbanismo, José Antonio Prado, para estudar as actuacións que propón o Goberno local de cara á mellora da seguridade na rede provincial de estradas que atravesan Melide.

Entre estas propostas figura por un lado a mellora da seguridade peonil na DP 4603, á altura do núcleo de Santa María. Trátase dun punto que coincide co trazado do Camiño Francés, a pesar do cal as beirarrúas actuais están en mal estado e as zonas de paso de peóns requiren dunha maior seguridade.

Por outro lado, o Goberno local reclamou melloras na DP 4604, unha vía moi transitada que conecta Melide e Toques e que forma parte do Camiño Primitivo. A este respecto, alcalde e tenente de alcalde de Melide solicitaron ao deputado provincial que se habilite unha zona de aparcamento na marxe esquerda da vía en sentido entrada a Melide, "xa que as estreitas beirarrúas actuais están constantemente ocupadas por vehículos, o que dificulta o paso de peregrinos e residentes".

Nesta mesma vía incidiron na necesidade de construír novas sendas peonís no lugar de As Barreiras, entre os quilómetros 2,5 e 3,5, así como reforzar a sinalización noutros puntos nos que se rexistran velocidades excesivas.

O responsable provincial de Vías e Obras comprometeuse a estudar cos técnicos da súa área as peticións do Concello de Melide, "que consideramos que son realistas e necesarias", dixo, sinalando ademais como "prioritario" mellorar a seguridade peonil na DP 4603, pola que circulan ao ano miles de peregrinos no seu Camiño a Santiago.

Neste sentido, José Manuel Pequeño lembrou que "na confluencia da estrada DP 4603 coa N547 Fomento ten previsto construír unha rotonda, polo que na medida do posible trataremos de coordinar as actuacións".

Finalmente, o deputado de Vías e Obras destacou o "importante esforzo inversor" que se está a facer dende a institución provincial "para mellorar a seguridade peonil das estradas provinciais que pasan polos Camiños xacobeos en distintos concellos da provincia, e ten moito sentido que incorporemos esta petición de Melide", remarcou.

Adiado de novo o inicio das Escolas Deportivas e Culturais

"Debido ás últimas restricións sanitarias, e por prudencia e responsabilidade", o Concello de Melide tomou a decisión de aprazar de novo o inicio das actividades Culturais e Deportivas "dado que tanto o tamaño dos locais habilitados como a propia natureza das actividades dificultan o mantemento da distancia de seguridade recomendada e o cumprimento da limitación de grupos de máximo cinco persoas".

Dende as Concellarías de Cultura e Deportes informaron de que avaliarán a evolución da situación sanitaria para estudar se é posible comezar o curso nalgún momento.

Plan de Emprego Local PEL REACTIVA

A QUEN VAI DIRIXIDO

Os destinatarios finais das axudas son as persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:

GRUPO I

Que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.

GRUPO II

Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

GRUPO III

Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo

ONDE FACER A SOLICITUDE

No concello de Melide de xeito telemático

CONTÍAS

Persoas: autónomas e microempresas:
O importe da subvención será fixo, e pode ir dende os 1.500 euros ata os 3.000 euros

PRAZO PARA PRESENTAR SOLICITUDES

Ata o 25 de Novembro, ás 14 h

QUÉ SE SUBVENCIONA

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, os gastos seguintes que foran realizados entre marzo de 2020 (incluído) e ata o 31 de decembro de 2020.

COMPRA DE MATERIAL
Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza

ARRENDAMENTOS E CANONS
Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo

**O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Asimesmo, exclúense os espazos de coworking.*

**O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.*

REPARACIÓN E CONSERVACIÓN
Adaptación de locais ás medidas de protección fronte ao COVID-19 (mamparas de protección, etc). Gasto directo

PRIMAS SEGUROS
Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo

SUBMINISTRACIÓNS
Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo

O IVE non se considerará en ningún caso gasto subvencionable

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas, e ata un máximo de 40.000 euros.

Hidroeléctrica
Lumymey

SABES QUE PODEMOS SUBMINISTRAR ENERXÍA EN CALQUERA LOCALIDADE?

FARÉMOSCHE UN ESTUDO ENERXÉTICO **SEN COMPROMISO**

Vente as nosas oficinas da rúa *Alexandre Bóveda, 9* de Melide, ou envíanos por WhatsApp a túa factura ao **603 446 437**. Máis información no teléfono gratuíto **900 701 152**

Somos a túa **eléctrica de confianza**

Supermercados COVIRAN
MELIDE

Supermercado GÓMEZ

Rúa Amador Rodríguez, 1
15800 ***MELIDE*** (A Coruña)
Tlf.: ***981 507 027***
supermercadogomezcoviran@gmail.com

Tenda de alimentación cunha ampla variedade de produtos tradicionais e locais, ademais de todo tipo de produtos para a matanza de primeira calidade

Envasamos ao baleiro **Servizo a domicilio**

En Supermercados Gómez - Coviran disfrutarás de confianza, calidade e o servizo dunha tenda de barrio

Cafetería y Pastelería
Estilo

Tlf.: 981 505 153
C/. Progreso, 6
15800 MELIDE (A Coruña)

Rosado ou branco, este Nadal brindemos polos bos desexos e... un futuro mellor!

Licores elaborados dende 1954
CASA MEJUTO
O espumoso de Melide

Toques propón a recuperación da antiga Casa Reitoral e da igrexa de San Antolín

A subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Rioboo, visitou o concello de Toques para manter unha reunión de traballo co alcalde da localidade, Miguel Buján, e analizar "diversos proxectos medioambientais, enerxéticos e culturais" para o municipio.

Tralo encontro, ambos dirixentes visitaron algunhas das zonas nas que se propoñen actuacións de cara ao futuro por parte do Concello.

A este respecto o rexedor local e a subdelegada do Goberno analizaron algúns proxectos de recuperación do patrimonio. Concretamente, Buján trasladou o seu interese por levar a cabo posibles actuacións na antiga Casa Reitoral do municipio e na igrexa de San Antolín.

Foto: D.G.

Segundo informaron dende a Subdelegación do Goberno, ambas iniciativas serán analizadas por esta Administración e trasladadas aos correspondentes departamentos estatais para valorar a súa viabilidade a través, fundamentalmente, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e do Ministerio de Cultura.

Outras actuacións

En canto á reunión de traballo, Pilar López-Rioboo e Miguel Buján repasaron algunhas das iniciativas xa desenvolvidas e que contan con participación estatal. Así por exemplo, o Concello rematou recentemente a primeira fase de renovación das instalacións do alumeado público no municipio, que xa requiriu unha inversión global de 132.740 euros, dos cales 106.192 foron aportados polo Goberno a través do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), dentro do marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible.

No encontro supervisouse ademais a segunda fase deste plan, que culminará a renovación de todo o alumeado público de Toques. Esta fase terá un custo de algo máis de 207.000 euros, dos cales 165.600 serán aportados polo IDAE e o resto, 41.400 euros, polo Concello. Trala finalización deste plan de renovación estímase que o aforro económico para as arcas municipais no relativo a mantemento e consumo enerxético será aproximadamente do 60% do actual.

Por outra banda, o Concello tamén disporá dunha achega de 70.173 euros do IDAE para acometer a renovación das instalacións de calefacción térmica do edificio da Casa Consistorial e da Aula de Interpretación da Natureza.

Este proxecto terá un custo total é de 87.717 euros e permitirá igualmente un aforro importante de cara ao futuro xa que a redución enerxética acadada estímase nun 91% e 73% respectivamente.

Medio Rural inviste 1,8 millóns na parcelaria de Vilantime e Visantoña

Foto: X.G.

O delegado territorial da Xunta na provincia da Coruña, Gonzalo Trenor, visitou as obras dos camiños principais da concentración parcelaria de San Pedro de Vilantime e Visantoña nos concellos de Arzúa e Santiso, que se atopan na última fase de colocación de marcos para proceder á toma de posesión das fincas.

Esta concentración afectou a 407 propietarios e a 4.025 parcelas, quedando ao final 829 novas fincas. Pola súa parte, a extensión de novos camiños foi de 26,66 quilómetros.

O investimento total por parte da Consellería de Medio Rural nesta área foi de 1,8 millóns de euros.

Trenor destacou que "unha vez finalizado este proceso en marcha, a porcentaxe das propiedades concentradas no concello de Arzúa e Santiso será do 62% do territorio".

Punto de auga en Santiso

Por outra parte, o delegado da Xunta referiuse a un investimento de Medio Rural de máis de 33.000 euros no concello de Santiso para a colocación dun punto de auga na parroquia de Arcediago.

Dita infraestrutura, cunha capacidade de 192 metros cúbicos, permitirá a carga de auga a helicópteros e a motobombas, ademais de ser útil "para o uso por parte dos gandeiros", sinalou o delegado territorial.

Pola súa banda, a voceira do grupo municipal do Partido Popular en Santiso, Maltide Pallares, celebrou o remate deste proxecto que "permitirá abastecer a toda a comarca" e lembrou que a infraestrutura é froito dunha vella demanda realizada pola súa formación.

Meixela centro de estética

Novidade

*Como xa sabedes contamos co servizo de presoterapia corporal. Pois **AGORA tamén CONTAMOS COA PRESOTERAPIA PARA REXUVENECER A TÚA MIRADA!***

SI, unha presoterapia para ollos

***En que consiste?** É un tratamento específico para cura do contorno de ollos, masaxe intelixente que favorece a drenaxe das bolsas e alivia a tensión muscular da fronte e contorno de ollos*

Beneficios:

- *Mellora o envellecemento da mirada e o cansazo*
- *Bolsas*
- *Olleiras*
- *Patas de galo*
- *Pálpebras caídas*
- *Diminúe as "migrañas"*
- *Relaxa*

Non esquezas que isto é un complemento a todo aquilo que botemos na casa: contorno de ollos, máscaras e tamén tratamentos en cabina

Poderás desfrutar da presoterapia para ollos de diferentes maneiras:

- *Sesións soltas de presoterapia ou bono*
- *Presoterapia máis tratamento para o envellecemento do contorno de ollos*

Pide a túa cita no 639.440.688

Marina Corral e Mauro Noguerol: “Gustaríanos poder contar cun equipo deportivo con varias modalidades para participar en competicións”

O lecer, a cultura, o deporte... son aspectos fundamentais nas nosas vidas, e máis nun contexto de pandemia no que gran parte deste tipo de actividades tivo que suspenderse. Pero se á ecuación da pandemia lle engadimos unha contorna rural e unha poboación maioritariamente envellecida, ditos ámbitos vólvense aínda máis imprescindibles.

É o caso do municipio de Toques onde, pese a ter que suspender eventos como a Feira de Exaltación dos seus produtos, si souberon adaptar e desenvolver un calendario de actividades no que mesmo se incrementou a participación dos veciños con respecto a outros anos.

Xunto a Marina Corral, Técnico de Cultura -dende hai 12 anos-, e Mauro Noguerol, Técnico de Deportes -dende hai 14-, repasamos a programación, os retos e o futuro da Cultura e o Deporte nun concello como é Toques.

- Este ano non haberá Feira de exaltación dos produtos típicos da terra. Como repercutía este evento na vila?

- Marina Corral (M.C.) / Mauro Noguerol (M.N.): Efectivamente, non se poderá levar a cabo a que sería a sexta edición da Feira de Exaltación. Nesta ocasión ía contar con diferentes propostas que se foron engadindo ao longo dos anos, o magosto, a turresmada popular, actuacións musicais, exposición artesanal ou Samaín. O obxectivo desta actividade, ademais de favorecer o lecer, sempre foi transmitir a riqueza de Toques, nos sentidos gastronómico, artesán, tradicional, folclórico... Esta xuntanza é das máis concorridas; esta aceptación demóstrase co aumento de asistentes ano tras ano, chegando a xuntar tanta xente que a instalación faise pequena.

- En condicións normais, que tipo de actividades organizan ao longo do ano en Toques?

- M.N.: Desde o servizo de Deportes as iniciativas en canto a organización de actividades encamíñase a que todos os veciños e veciñas, independentemente da idade e do xénero, teñan a posibilidade de participar nunha actividade en horario de tarde para completar a súa formación (os nenos), e para realizar exercicio físico (os adultos).

Ademais, cabe diferenciar dúas programacións deportivas, de inverno e de verán. Na primeira inclúense as Escolas deportivas para nenos e maiores, bádminton, tenis, patinaxe, karate, pilates e ximnasia para a terceira idade. Outros anos téñense ofertado multideporte, atletismo, tenis de mesa, psicomotricidade, orientación e en todas houbo un pequeno grupo para realizar a actividade. Non foi o caso de “atletismo” que tras o derradeiro prazo de solicitude en setembro, houbo que cancelala por falta de inscrición.

Neste apartado tamén hai outras actividades máis puntuais como a “Subida a San Cidre” con carreiras e distancias para nenos e maiores, as xornadas de bádminton, torneos de tenis, galas de patinaxe ou de artes marciais.

Sen embargo, na programación de verán inclúense actividades máis ao aire libre na piscina (cursos de natación), ou saídas de sendeirismo, así como o Campus deportivo con actividades nas instalacións ou fóra, como saídas en bicicleta e excursións lúdicodeportivas para facer kayak, escalada, xogos populares; ou visitas a museos.

- M.C.: No Concello de Toques a proposta cultural é moi ampla e variada xa que dentro das nosas posibilidades intentamos satisfacer todas as demandas.

Por idades, para os maiores hai obradoiros de manualidades e memoria, excursións de varios días, xantar da terceira idade, asistencia ao balneario e todas aquelas actividades que xurdan porque os nosos maiores teñen moita marcha...

Para os adultos e para nenos hai obradoiros de informática e manualidades; outros anos, inglés, reforzo ou xadrez... No verán teñen os prezados campamentos coas súas excursións.

Ademais, e con interese xeral, organizamos a cabalgata de Reis con moito éxito entre as familias, chega o Apalpador ao cole e hai unha festa do Nadal. No Entroido, hai unha xuntanza con merenda e concurso. Coincidindo co día das letras desfrutamos co Festival Linguafolk que mestura lingua e música. No outono, toca unha xuntanza variada con feira de exaltación de produtos da zona, turrasmada, folk, merenda, exposicións, obradoiros... Bufff, xa me mete medo... Ademais, organizamos actuacións de teatro, musicais, de maxia e colaboramos en todo aquilo que podemos cos grupos e asociacións locais.

- Como se viu afectado ese plan de actividades debido á Covid-19?

- M.C. / M.N.: A pandemia afectou na organización das actividades xa que moitas delas non se poden levar a cabo sen garantías de saúde e seguridade. Inda así, no presente curso escolar o Concello organizou unha completa oferta de actividades dirixida a todos os tramos de idade, tendo en conta a demanda e as oportunidades. Ademais, deseñouse un Protocolo de Seguridade e a maiores a organización está supeditada aos cambios de normativa que se suceden de forma continua desde organismos superiores. Houbo que adaptar as actividades limitando o aforo dos distintos locais e aulas, sen embargo non se percibiu descenso na inscrición de usuarios. Ao contrario, este ano houbo varios casos de usuarios que apuntáronse a algunha actividade por primeira vez.

- Como é o proceso de deseñar esas actividades?

- M.C. / M.N.: Para realizar unha oferta de actividades atractiva faise unha valoración e diagnose da situación, avaliando experiencias previas para satisfacer as peticións dos usuarios. Ao mesmo tempo, a organización de actividades faise de modo que encaixen nas características socioculturais. O tipo de instalación, o material necesario para a actividade, unha época do ano ou incluso o número de participantes son aspectos fundamentais para organizar e deseñar unha actividade cultural ou deportiva. Ademais, tratamos de recoller as inquietudes da xente maior.

- Teñen algunha demanda concreta da poboación?

- M.C. / M.N.: Con frecuencia hai demandas concretas. Todas son tidas en conta polo Concello de Toques, pero algunhas están limitadas polas peculiaridades económicas ou demográficas ou de ambas.

- Cales son as iniciativas que máis éxito adoitan ter dende os seus departamentos?

- M.C. / M.N.: En xeral, todas as actividades culturais e deportivas adoitan ter moi boa acollida. O evento de maior aceptación en Toques é “O Xantar da Terceira Idade”, porque xúntase moita xente nunha xornada de lecer con misa, xantar, música, baile e outros obradoiros moi divertidos como foi o fotomatón que tivemos na derradeira ocasión. Neste senso é entendible que esta actividade social teña gran éxito por estar dirixida ao grupo de poboación máis numeroso en Toques.

- Como se revitaliza Toques dende as áreas de Cultura e Deporte?

- M.C. / M.N.: Todas as actividades propostas teñen a finalidade de revitalizar o espazo de lecer durante toda a semana. En moitas ocasións son pequenas propostas adaptadas a necesidades concretas, con especial interese en verán para favorecer a conciliación nas familias.

- Que vantaxes, ou inconvenientes se os hai, dirían que ten organizar a súa área nun concello como Toques?

- M.C. / M.N.: Ben é certo que a limitación demográfica é a máis importante, pero isto é un inconveniente e tamén unha vantaxe porque permite organizar as actividades directamente en función das necesidades específicas dun pequeno grupo ou individualmente.

- Hai algún proxecto que lles gustaría levar a cabo dentro da súa área?

- M.C. / M.N.: Desde a nosa xestión sempre hai inquietudes sobre algunha actividade que se podería levar a cabo. Como xa se comentou, ao ser un concello pequeno, as limitacións supéranse cando existe unha oportunidade real.

- Teñen previsto algunha programación especial de cara ao 25 de novembro?

- M.C. / M.N.: Este é un tema que se ten en conta de forma transversal en todas as actividades durante todo o ano.

- En tres palabras, como definirían a vida cultural e deportiva de Toques?

- M.C. / M.N.: En pura expansión (risas). Plural, gratificante e formativa.

- Como ven o futuro cultural e deportivo de Toques?

- M.C. / M.N.: Somos positivos coa situación actual e pensamos que a curto medio prazo vaise superar. Entón, as nosas expectativas son de seguir traballando para que a xente de Toques poida desfrutar con todas as actividades culturais e deportivas nun futuro, esperamos, alentador e cheo de experiencias. Neste senso, gustaríanos poder contar cun equipo deportivo con varias modalidades para participar en competicións.

- Desexan engadir algunha outra cuestión?

- M.C. / M.N.: Deixar patente a nosa ilusión polo traballo. O afán de superación segue presente para mellorar a calidade de vida da xente. O esforzo que se emprega é cuantioso e moito do traballo realizado non queda reflectido nin valorado, algo que non impide seguir sementando, tecendo, enredando e potenciando cultura e deporte en Toques.

Instalada a pasarela de madeira que mellorará a seguridade peonil nun treito da AC-934 en Sobrado

O delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, supervisou en Sobrado as obras de instalación da nova pasarela de madeira, de 8 metros de longo, adxacente ao pontón do rego Abeledo; unha actuación que ten como obxectivo "garantir un tránsito peonil máis seguro para veciños e peregrinos neste treito da estrada AC-934", sinalou.

Foto: X.G.

Dita obra, adxudicada á empresa F. Gómez y Cía S.L, contou cunha achega da Xunta de preto de 48.000 euros e tivo un prazo de execución de arredor de tres meses. A pasarela permitirá dar continuidade á senda peonil en execución evitando deste modo que os peóns invadan a estrada.

Esta nova intervención complementa ás obras de reforma que están a executarse nesta estrada autonómica, entre o límite coa provincia de Lugo e o cruce de Abeleiras, para o reforzo da seguridade viaria de condutores, veciños e peregrinos que percorren este tramo da vía coincidente co Camiño de Santiago do Norte.

Os traballos, cun investimento de 1,6 millóns de euros, céntranse no acondicionamento dun treito da AC-934 de 4,5 quilómetros e inclúen o ensanche da estrada actual, así como a execución dunha senda que eliminará a conxuntura actual na que o tráfico peonil discorre pola calzada, maioritariamente de peregrinos cara a Santiago.

As intervencións forman parte dos investimentos que está a facer o Goberno galego de cara ao Xacobeo 2021.

Toques abre o prazo para solicitar as achegas á compra de material escolar e libros de texto

O Concello de Toques ten aberto ata o vindeiro 27 de novembro o prazo para solicitar as achegas destinadas a adquisición de material escolar e libros de texto.

Esta liña de achegas inclúese dentro do "programa de apoio ao ensino para os alumnos e alumnas da etapa de Educación Infantil (de 3 a 6 anos) matriculados no Curso Escolar 2020/2021" no CEIP do concello de Toques.

Para o financiamento desde programa o Concello estableceu un crédito total de 960 euros incluídos nos presupostos xerais de 2020.

Beneficiarios

Poderán solicitar a axuda os pais, nais ou titores legais dos nenos matriculados en centros docentes de ensino público e empadroados no Concello de Toques.

Como requisito, establécese que as persoas beneficiarias destas achegas non tivesen un nivel de ingresos superior ao dobre do salario mínimo interprofesional no exercicio anterior (2019).

SOBE O PARO NA COMARCA EN 10 PERSOAS

Os datos do paro a finais do mes de outubro amosan unha suba na comarca de 10 persoas máis desempregadas. A localidade onde máis aumenta a cifra é Melide, con catro desempregados máis con respecto ao mes de setembro, e un total de 407 persoas sen emprego. No resto de concellos, aumenta en dúas persoas o número de desempregados. O total de parados ao remate do mes de outubro na comarca é de 589 persoas. Se compraramos os datos co mesmo mes do ano pasado, en outubro de 2019 había un total de 532 persoas sen emprego na comarca das cales, 369 pertencían a Melide, 60 a Santiso, 59 a Sobrado e 44 ao municipio de Toques.

CONCELLO	Parados mes actual	Parados mes anterior	VARIACIÓN
MELIDE	407	403	4
SANTISO	71	69	2
SOBRADO	63	61	2
TOQUES	48	46	2
Total (Outubro 2020)	589	579	10

MOI BREVEMENTE

Santiso

A Xunta de Galicia concedeu unha achega de algo máis de 7.200 euros ao Concello de Santiso para a substitución de fiestras e portas da Axencia de lectura.

Esta subvención enmárcase dentro da liña de axudas da Administración autonómica para o equipamento e mellora das instalacións e locais que se empregan para a realización de actividades culturais.

Sobrado

O Concello de Sobrado adquiriu "un vehículo híbrido con etiqueta ECO e Cero Emisións que será empregado para servizos sociais e técnicos do Concello, así como para necesidades ou xestións municipais".

Sobrado ten en marcha unha web de venda en liña (desobrado.com) na que poden integrase os establecementos do municipio. A comezos de novembro formaban a plataforma 16 negocios.

Sete ouros e unha prata na volta á competición nacional do Ayude

Foto: E.A.

O equipo da Escola Ayude de Santiso acudiu ao Open Nacional de Kickboxing nas categorías júnior e absoluta nas probas de tatami e ring sport.

A competición, que se celebrou a porta pechada no pavillón Bizkaia frontoia de Miribilla, en Bilbao, transcorreu "como se esperaba, con dureza e intensidade".

Finalmente, das oito medallas ás que optaban os integrantes do Ayude alzáronse con oito, neste caso sete ouros e unha prata para Cora que se retirou no último asalto da final por unha lesión muscular.

Nahum pola súa parte fíxose con tres ouros nas tres probas de tatami sport, nunha competición "moi dura no seu primeiro ano da categoría".

Por último, Aron Ayude alzouse con catro ouros gañando todo en tatami e ring e sendo o único da competición ao que lle outorgaron o cinto de campión.

En resumo, "resultados moi bos de cara a afrontar os novos compromisos" na que foi a primeira proba nacional despois de retomar a actividade deportiva.

Na foto: José Ayude, Cora e Nahum do equipo Ayude; Patricia, coordinadora de protocolo da Covid; e Aron Ayude.

“A música é algo que une, necesitámola”

Oito agrupacións e tres solistas na XXXI Semana da Música da Terra de Melide, que se celebrará ao longo das dúas últimas fins de semana de novembro

Foi, é e será unha das citas imprescindibles do mes de novembro na comarca, a Semana da Música da Terra de Melide que o ano pasado cumpriu tres décadas. Para esta edición todo cambiou, agás as ganas e a ilusión por manter vivo o evento e, sobre todo, a música.

Con esa intención, “que a música non falte en momentos como os que estamos a vivir”, a Coral Polifónica de Melide, responsable da organización, ten todo preparado para desenvolver a trixésimo primeira edición deste evento. Será durante as dúas últimas fins de semana de novembro, os días 21 e 22, e 28 e 29, no centro sociocultural Mingos de Pita de Melide ás oito da tarde.

“Sabemos que pode haber quen non entenda que celebremos a Semana da Música –explica Javier Rodríguez, presidente da Coral– porque cren que ao mellor non é momento de celebrar nada e menos con música, pero a nosa mensaxe é que pensamos que son cousas distintas; a música sempre nos acompañou e acompaña en diferentes momentos da nosa vida, dende o principio ata o final, entón é algo que une, que anima, relaxa, estimula e emociona, por iso a necesitamos”, engade.

Programa

Deste xeito, e cumprindo con todas as medidas sanitarias que establecen os protocolos de prevención da Covid, a programación prevista para a XXXI Semana da Música da Terra de Melide arrancará o sábado 21 coas actuacións do grupo de gaitas O Balado de Toques e Leirabuxo.

Xa o domingo 22 será a quenda para A Maristela de Sobrado, Suso Ascariz e Herba Grileira.

Durante a seguinte fin de semana, o sábado 28 actuarán o grupo de gaitas Vide Preto e Os Melidaos; para rematar novembro coa actuación de Froito Novo, os solistas Irene Ruíz, Naiara Gómez e Xoan Curros, e a Banda de Música de Visantoña o domingo 29.

Tendo en conta que o aforo é limitado, as reservas para acudir ao centro sociocultural deberán facerse con antelación suficiente no Concello de Melide.

“Nós organizámola co mesmo interese que outros anos, sempre coa incerteza de se finalmente se fará ou non pero co convencemento, despois de palpar a opinión dos grupos, de que o debemos facer e que o debemos intentar; todos os grupos están dispostos e todos din que a música non pode parar –sinalou o presidente– ademais, hai que ter en conta que algúns grupos mesmo comezaron a ensaiar grazas á Semana da Música”.

A principal novidade nesta edición tan atípica da Semana da Música será a ausencia das tres corais, de Pozo Pequeno e da charanga.

“Non faltará a música, ou iso esperamos, e tampouco debe faltar a responsabilidade”, insistiron dende a organización xa coa vista posta no ano que vén. “Para o ano a intención é seguir como sempre, e se a trixésimo primeira edición deste ano non se puidese facer finalmente, entón pasariámola ao 2021”.

Un plan de cara ao Xacobeo para facer do Camiño un corredor peonil seguro

Foto: X.G.

O alcalde de Melide, José Manuel Pérez, participou na presentación do plan de continxencia para os corredores peonís seguros; un plan que reúne as directrices fronte ao coronavirus elaboradas polo Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE) a aplicar nos 11 concellos galegos polos que discorre o Camiño Francés, entre eles Melide, e que se estenderá ás demais rutas do Camiño de Santiago.

O proxecto de corredores peonís seguros inclúe recomendacións a aplicar polos Concellos nas súas instalacións e servizos turísticos sobre os protocolos de prevención ante a covid-19 en relación ao distanciamento e control de aforo, limpeza e desinfección, información aos peregrinos e actuacións ante casos de infección.

Ademais, contempla análises das zonas de risco ao longo do Camiño, así como a identificación dos espazos públicos singulares no trazado e os riscos nos distintos servizos públicos prestados aos camiñantes.

O obxectivo da Xunta de Galicia con este plan é apostar por un Camiño seguro para reactivar a peregrinación de cara ao Xacobeo 2021.

Á presentación, na que tamén se fixo entrega dos manuais Camiño Seguro e o Decálogo do Xacobeo 2021 aos municipios, asistiron o vicepresidente primeiro da Xunta, Alfonso Rueda; o xerente do Sergas, José Flores; a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro; o presidente do Clúster Turismo de Galicia, Cesáreo Pardal; e o presidente do ICTE, Miguel Mirones, ademais dos respectivos alcaldes e alcaldesas da Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés.

O GDR lanza a campaña *Máis informada, menos vítima* para loitar contra a violencia de xénero

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla - Tambre - Mandeo, do que forman parte os concellos da Comarca da Terra de Melide, puxo en marcha o seu programa contra a violencia de xénero denominado este ano “Máis informada, menos vítima”.

Para este programa o GDR contou cunha achega da Secretaría Xeral de Igualdade de 8.500 euros que destinou a tres accións diferenciadas en colaboración cos Centros de Información á Muller (CIM) de Arzúa, Melide, Touro e Vilasantar, e o Centro educativo EFA Piñeiral.

Deste xeito, o centro educativo EFA Piñeiral organizou a acción "Lingua Denuncia", na que participou toda a comunidade educativa, así como a familia dos alumnos e alumnas.

Esta acción consistiu “na busca desas frases que usamos, pero que soan rancias, que están pasadas de moda e que son discriminatorias; esas frases que desde xa teñen que ser pasado, porque as queremos deixar de oír e de dicir”, sinalaron dende o GDR. As frases foron recollidas polo alumnado da EFA Piñeiral para posteriormente plasmalas en camisetas.

Pola súa parte, a segunda actuación levouse a cabo en colaboración cos CIM da zona e consistiu no deseño de viñetas explicativas sobre situacións cotiás que se dan nos comezos do círculo da violencia. “Moitas desas condutas veñen enmascaradas ou disimuladas dándolle outros nomes como celos, exceso de preocupación, o ‘non podo vivir sen ti nin un minuto’...”, e precisamente esas situacións son as que plasmou o GDR en viñetas tipo cómic que se colocarán en sitios estratéxicos en cada concello, como son por exemplo os centros de saúde, os institutos ou os parques.

Finalmente, o GDR quixo achegar os recursos dispoñibles a todas as mulleres rurais colocando en todas as farmacias dos concellos que o integran a información básica sobre teléfonos de axuda e recursos gratuítos dispoñibles.

A este respecto tamén se expoñen os recursos dispoñibles para homes.

Concurso de escaparates de Nadal en Melide

A orixinalidade, a montaxe, a estética e a creatividade serán fundamentais este Nadal para ganar o concurso de escaparates que vai organizar o Concello de Melide.

Os comerciantes da vila interesados en participar nesta iniciativa xa poden inscribirse na Concellería de Promoción Económica de Melide a través do enderezo electrónico promocioneconomica@concellodemelide.gal ata o vindeiro 4 de decembro.

Premios

O concurso contará con dúas categorías, escaparate interior e escaparate exterior, e para cada unha delas haberá un primeiro premio de 600 euros, un segundo de 300 e un terceiro de 150 euros.

O obxectivo desta acción é ambientar e animar as rúas de cara ao Nadal, época tradiconal de compras.

As nais dos empresarios

É mal momento para falar dos esforzos que fan os empresarios por manter vivos os seus negocios, porque hai un bicho que está roendo neles coa fame dunha solitaria. Pero coma todas as grandes crises mundiais, esta tamén pasará. E á volta dela, por máis que poidan cambiar algunhas cousas, seguirá a mesma civilización que pivota sobre o poder do billete.

Non é idea deste artigo poñer máis paus na roda a quen xa está afogado abondo. A idea é falar da vida na que vivimos a pesar do bicho.

A visión que adoitan ter os empresarios sobre o seu negocio ten moito que ver con como vemos agora mesmo o noso día a día. Custa ver máis aló do hoxe, do estado de alarma, das circunstancias do aquí e o agora, e tanto a vida coma os negocios son unha carreira de etapas. De moitas etapas, unhas de montaña, bravas, coma esta na que estamos suando todos; outras llaneando, e outras en feliz costa abaixo. Por iso neste camiño parece difícil ser capaz de entender os negocios –os soños– así, como algo máis aló do que está ocorrendo agora.

Vén isto a conto polo que ocorre co 50% da poboación –as mulleres–, que na súa maior parte, nalgún momento da vida, decide ter fillos. Ou a vida –moitas veces– o decide por elas. Cando unha asalariada queda embarazada sempre se lle divide o corazón entre a ilusión pola vida que vén e certo medo, certa inquedanza e inseguridade ante o que a agarda no terreo laboral. E isto non ten que ver coas políticas estatais de supostas baixas igualitarias nin slogans de conciliación. Ten que ver con que, por natureza, e queiramos ou non –que ningún nos preguntou– as femias son as únicas criaturas da natureza encargadas de dar a luz, agás os cabaliños de mar e poucas outras excepcións, nas que son os machos os que o fan.

Pero non somos cabaliños de mar, somos mulleres de terra e de asfalto e, queiramos ou non, da maternidade depende algo tan sinxelo como a supervivencia da raza humana: a existencia de nenos, de mozos estudantes ou traballadores, que nun futuro –non moi lonxano, porque os días pasan lentos pero os anos voan– se encargarán de manter esta sociedade con todas as engrenaxes que a compoñen. Que non son poucas. E de seguir regando os soños que alguén deixou plantados.

Pero hoxe, metidos no rebumbio de que a vida é namais isto que nos está pasando aquí e agora, ocorre que cando unha asalariada queda embarazada, irremediablemente o empresario que a ten contratada ve ante si unha baixa, a perda dunha empregada, unha complicación para o futuro inmediato, meses de gastos e se cadra o cambio total da visión de traballo que sobre ela tiña. Ocorre moitas veces. Non sempre.

O grave é que teñamos sempre postas gafas de cerca, e que non usemos unhas progresivas que nos permitan ver que os negocios, coma os soños, se tecen ao longo e ancho do tempo, non en nove meses nin en tres anos. O grave é que quen recibe na empresa o parte asinado do permiso por baixa por embarazo ou maternidade non recorda que el (ou ela) tamén tivo unha nai, e que o seu soño, o seu negocio e todos os seus números son posibles só porque unha nai o botou ó mundo

Será que a memoria é selectiva, e aínda que por propia experiencia podo asegurar que hai traballos nos que medra a familia e medra con ben para todos, noutros sitios non hai talla posible para encaixar as lentes progresivas. E, a suciedade dos cristais das de cerca non lles permiten ver que o seu soño empresarial se ten que prolongar máis aló dun parto.

Vanesa de Quinzán

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos
conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno - Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

A violencia de xénero en tempos de pandemia

Sen dúbida esta nova pandemia que estamos a vivir, derivada da COVID 19, veu a empeorar outra vella pandemia que viñamos arrastrando ao longo do tempo, como é a violencia de xénero.

A vulnerabilidade das mulleres que sofren este tipo de violencia agravouse nos últimos tempos debido ás circunstancias do confinamento, que supuxo a imposibilidade de moitas mulleres de acceder ás redes habituais de apoio social, ós servizos de saúde... implicando ademais, para algunhas delas, a perda de traballo e ingresos económicos e a sobrecarga de ter que facerse cargo dos coidados dos fillos e fillas e doutras persoas dependentes.

Polo tanto, podemos dicir que a pandemia derivada da COVID 19 veu a influír negativamente na violencia de xénero, potenciando os factores de risco, ó aumentar o illamento das vítimas e aumentar tamén as barreiras para solicitar axuda e interpoñer a denuncia.

Por parte das distintas Administracións públicas levaronse a cabo diversas campañas, incluíndo a publicación de guías para dar a coñecer os recursos existentes fronte á violencia de xénero intentando chegar a todas esas vítimas, tratando de facilitarlles a solicitude de axuda por medios telemáticos. Nestas guías inclúense os distintos teléfonos de información e asesoramento (tanto xurídico como psicolóxico).

No caso de Galicia contamos co teléfono de atención á muller **900 400 273** (operativo de 8:00 a 22:00 horas, totalmente gratuíto e anónimo, no que se inclúe a atención en lingua de signos e tradución a 52 idiomas), ademais do teléfono **016** (activo os 365 días do ano durante as 24 horas do día) e o **mail: 016-online@igualdad.gob.es**

No caso dunha emerxencia podemos chamar ó **112** (Emerxencias), ou ó **091** (Policía Local) ou ó **062** (Garda Civil). No caso de non poder realizar unha chamada pola proximidade do agresor, recoméndase a descarga da aplicación **ALERTCOPS**, que permite o envío de mensaxería instantánea ás Forzas e Corpos de Seguridade con xeolocalización.

No caso de Melide, contamos co **Centro de Información á Muller** (situado no edificio do Centro Social, teléfono **981505706**) que estivo operativo tamén durante o confinamento, garantindo a atención das vítimas e facendo un seguimento daquelas que se encontraban en situación de especial vulnerabilidade.

Tamén xurdiron diversas iniciativas sociais para axudar ás vítimas que estiveran limitadas á hora de pedir axuda, entre as que podemos destacar unha que se estendeu a través dos Colexios Oficiais de Farmacéuticos e que se denominou **"Mascarilla 19"**. Deste xeito, calquera muller vítima de violencia de xénero pode acudir a calquera farmacia e solicitar unha "Mascarilla 19"; con esa palabra clave o persoal farmacéutico chamará ás Forzas e Corpos de Seguridade para trasladarlles a petición de axuda da muller.

Ámbalas dúas pandemias presentan similitudes: non entenden de fronteiras, nin de razas, nin de clases sociais... e ámbalas dúas precisan dunha importante implicación e concienciación por parte das Administracións públicas e da sociedade en xeral para mellorar a situación e acabar erradicándoas.

Silvia Míguez
Centro de Información á Muller (CIM) de Melide

Perda de audición nas persoas maiores (IV)

Continuamos co ciclo sobre saúde e audición con ***Jesús Luaces,*** *presidente e fundador de* ***Instituto de la Sordera*** *(INSOR)*

Que tratamentos ou aparatos poden axudarme?

O tratamento dependerá do nivel da súa perda de audición, polo que algúns dos tratamentos funcionaranlle mellor que outros. Hoxe en día hai numerosas axudas que poden mellorar a perda de audición.

Os audiófonos. Son aparatos electrónicos que se usan no oído ou detrás da orella. O seu audioprotesista, especialista en audiófonos, aconsellaralle o audiófono que mellor lle funcione e se adapte a vostede. Faralle todas as probas necesarias e tamén os levará un tempo (que adoita ser un mes) para probalos. Ambos traballarán xuntos ata que se senta cómodo e se acostume a eles.

Os implantes cocleares. Son pequenos aparatos electrónicos que se implantan no oído interno mediante unha cirurxía. Axudan a darlle unha sensación de son ás persoas que están profundamente xordas ou que teñen problemas severos de audición. Se a súa perda de audición é severa, o seu médico pode recomendarlle un implante coclear nun oído ou en ambos.

Os aparatos de axuda para a audición inclúen dispositivos de amplificación para o teléfono fixo e os teléfonos móbiles, aplicacións para os móbiles intelixentes ("smartphone") ou as tabletas, e sistemas de circuíto pechado (bucles de bobina de indución) nos lugares de oración, teatros e auditorios.

A lectura de labios ou a lectura da fala. É outra opción que axuda ás persoas con problemas de audición a seguir unha conversa. As persoas que usan este método poñen moita atención aos demais cando falan, observando como a persoa que está falando move a boca e o corpo.

O Cerne de hai 15 anos (Outubro 2005 Nº10)

Cerne
Terra de Melide

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº10. 15 de outubro -15 de novembro de 2005. Distribución gratuíta. Tamén en Internet: www.asetem.com

O comercio de Melide xa forma parte da Rede galega de Centros Comerciais Abertos

A Federación Gallega de Comercio incluíu a ASETEM no seu proxecto integrador

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM) é unha das integrantes do Pleno da nova Rede de Centros Comerciais Abertos de Galicia, promovida pola Federación Gallega de Comercio (FGC) e creada en Ourense o pasado 25 de setembro. Este organismo vai servir de organizador e de mediador único entre o comercio e as institucións, evitando a presenza de terceiros intermediarios. O presidente da FGC e outros expertos defenderon a posta a punto en Melide dun CCA xestionado desde ASETEM. **Pax. 11**

O invernadoiro máis grande está en Santalla de Agrón (Melide) e mide 2.160 m²

Melisanto promove entre os seus socios o cultivo de productos de horta

As previsións indican que no Nadal xa se poderán mercar, nas tendas e comercios da Terra de Melide, os productos que están a cultivar os once socios da Cooperativa que participan no proxecto. Nestes momentos estanse a constuir os once invernadoiros, cunha superficie total de 14.000 m². **Pax. 4**

Melide solicita un Grupo de Intervención Rápida

O conselleiro da Presidencia, Xosé Luís Méndez Romeu, comprometeuse ante a alcaldesa de Melide e o seu homólogo de O Pino a estudar a súa solicitude. Queren que os seus respectivos concellos conten cun Grupo Muncipal de Intervención Rápida (GRUMIR) que reduza o tempo de resposta nos casos de emerxencia. **Pax. 5**

Décimo aniversario do Servizo de Normalización Lingüística de Melide

Creado en 1995, foi un dos pioneiros de Galicia. Dentro dos seus principais logros, está a consecución dunha Ordenanza municipal que regula o uso do galego no Concello, e que foi aprobada por unanimidade dos grupos políticos. Cerne falou co técnico deste servizo, Xaquín Vázquez. **Pax. 9**

UXT demanda ao xerente de *Oromel*

Primeiro por insultos, e logo por intento de agresión. Esta empresa téxtil de Melide conta xa con dúas denuncias do sindicato. **Pax. 5**

JOSÉ MARÍA CASTRO CASAL E JESÚS ÁNGEL CASTRO VARELA, JOSÉ XANEIRO S.L.

Un negocio que acada a súa quinta xeración

"Nunha campaña normal poderiamos falar de 100.000 quilos de setas"

Entre todo o que traballa a empresa José Xaneiro S.L. sobresaen as setas, as castañas, a folla de loureiro e os grelos, producións das que chegan a vender miles de quilos. En condicións normais estarían a pleno rendemento, mais como noutros sectores tamén aquí a Covid-19 freou o ritmo do negocio. Coñecemos como traballan en plena campaña de setas e castañas nun ano no que, aseguran, a produción non está a ser das mellores.

- Cando e como se fundou a empresa e a que se dedica hoxe en día?

- José María Castro Casal (J.M.C.): Pois mira, imos xa pola quinta xeración. Meu bisavó xa era comerciante, compraba carneiros e mulas; despois meu avó nos tempos de ración xa traía pan e trigo de Castela; logo meu pai dedicouse aos xamóns, á madeira e tamén xa andabamos recollendo o leite, ao mesmo tempo que empezamos co tema das plantas medicinais e produtos silvestres. Logo cando faleceu meu pai quedei eu, seguimos e fomos aumentando a outros produtos como son as moras, framboesas, fresas, arandos, setas, castañas, grelos e plantas medicinais como a Árnica ou a folla do loureiro; ademais de ter un almacén de pensos.

- De todo o que abarcan hai algunha produción que sobresaia máis?

- J.M.C.: Si, a folla do loureiro, a castaña e as setas. De feito agora mesmo estamos en temporada alta de setas e castañas, que é co que máis estamos traballando. Logo tamén está o grelo, que o traballamos moito. É grelo precociñado e envasámolo en lata e conxelado.

- Que hai de certo en iso de que o grelo galego escasea este ano?

- J.M.C.: Para nada. Iso é mentira, ao contrario, este ano vai sobrar porque o mercado non tira. Ao igual que as setas, que tamén están sobrando, e a castaña igual.

- Jesús Ángel Castro Varela (J.A.C.): A castaña está sobrando; date conta de que agora mesmo estamos traballando, comprando, só tres ou catro en toda Galicia. Non se vende porque isto a maioría, un 80%, ía para a hostalería e xa ves como está a hostalería, a que non está pechada está traballando a un 50% ou menos. E a seta, si é certo que se vendía moito para a casa, pero o 80% era tamén para a hostalería, sobre todo o conxelado e as conservas. En fresco podes vender algo, pero non se consumen esas cantidades, e ademais ti cando vas comprar setas é como cando vas comprar un marisco, que é para facer unha comida social, con bastantes persoas, e hoxe en día ben sabes que non se pode xuntar xente, así que tampouco se compran setas.

Á esquerda, Jesús Ángel Castro e o seu pai, José María Castro, no almacén que a a empresa José Xaneiro S.L. ten en Melide, na Avenida de Toques-Friol.

Enriba, a nave que a empresa ten en Toques e onde ademais de vender as setas ao público tamén as limpan, conxelan, deshidratan e elaboran as conservas.

- Estando en temporada alta de setas e castañas, que é o que fan exactamente con elas?

- J.M.C.: Pois compramos toda a mercancía, tanto por toda Galicia como por algunhas zonas de fóra como son por exemplo Zamora, León, Ponferrada e Asturias, tanto setas como castañas. En canto ás setas compramos todas as que sexan comestibles; e as castañas de todo tipo tamén. Logo, coas castañas o que facemos é clasificalas en cinco calibres e despois unhas van ao mercado de fresco, ás prazas, e outras van á industria. E en canto ás setas, enviamos a fresco e tamén limpamos, conxelamos, deshidratamos e facemos latas, conserva. Iso si, o noso traballo principal coas setas é a exportación, enviamos a Francia, Italia e parte de España, aínda que en España non hai tanta tradición de comer setas.

- J.A.C.: Non é como en Italia ou Francia por exemplo, que no Nadal en lugar de comprar marisco faise un prato de setas, pero en España non hai ese arraigamento, agás en Cataluña e no País Vasco onde comer setas xa ten tradición de toda a vida. De todas formas si é certo que comeza a despuntar; é máis, eu penso que en cinco ou seis anos vai haber moita máis cultura da seta.

- Cantos quilos de setas poden chegar a manexar nunha campaña?

- J.M.C.: Depende da campaña, esta por exemplo está sendo moi mala porque hai moi poucas e de moi mala calidade. Saen moi abichadas, veulle moita calor e non lle choveu o suficiente en tempo. Nunha campaña normal poderiamos falar de 100.000 quilos, pero de momento este ano viuse reducido en máis dun 50%. Esperemos que aínda poida saír algunha florada nova e mellorar a campaña.

- E de castañas?

- J.A.C.: Este ano no que levamos de temporada sobre uns 150.000 quilos.

- A canta xente empregan?

- J.M.C.: Directamente, por campaña temos ata vinte persoas. Depende de como sexa a campaña, este ano de momento somos seis fixos, xa de todo o ano, e agora mesmo outros catro ou cinco máis. Iso si, nalgún momento nunha campaña boa chegamos a ter a oitenta persoas traballando, pero estouche falando de hai ao mellor vinte e tantos anos.

- Como evolucionou o sector ao longo dos anos?

- J.M.C.: Pois por exemplo, o cambio climático afectounos moito. E despois, que tampouco hai tanta xente que recolla, sobre todo porque a Administración pon moitas trabas burocráticas. É unha burocracia que para min, para o meu entender e cos anos que teño, nunca na miña vida pensei que poderiamos chegar a estes extremos.

- J.A.C.: Antes ías e vendías a seta, non facía falta tanto papeleo nin xestións; e agora hai que facer un lote de cousas, hai que facer factura e a xente non quere iso. Ao mellor véñenche con vinte quilos de setas, ou con unha bolsa de castañas e como non lles podes facer factura dislle "lévaas para a casa ou tíraas", pero eu non chas podo coller. De feito, este asunto da burocracia é un problema que xa tratamos na asociación de empresarios de setas e trufas, para que nos deixen traballar e que nos dean outras facilidades como a de poder facturarlle a esas persoas.

- J.M.C.: É que non dan facilidades para nada porque mira, eu mesmo fixen unha solicitude para modernizar todas as instalacións, para cambiar os motores das cámaras frigoríficas, co proxecto correspondente e nada... nin si, nin non. Aí seguimos, esperando.

- Problemas de burocracia e encima unha pandemia, como lles afectou o coronavirus ao negocio?

- J.M.C.: Afectounos moito porque ao estar a restauración cerrada o mercado afúndese. Por exemplo cos grelos eu teño na cámara a este ritmo para dous anos. De feito xa me están ofrecendo agora e xa digo que non, que non compro, porque non se vende. Tiña uns clientes en Barcelona, outros en Madrid e por aí que me gastaban cada 15 días cada un seu palé, e desde que empezou a pandemia non volveu soar o teléfono nalgún caso, e noutros só para vinte caixas.

- Con todo, e para acabar con bo sabor de boca, despois de cinco xeracións está garantida a continuidade familiar do negocio, non?

- J.M.C.: Esperemos que si. O meu fillo está estudando, pero xa axuda tamén no negocio así que esperemos que haxa unha sexta xeración que continúe coa empresa.

José Xaneiro S.L.
Tlf: 981 50 53 35
Avda. de Toques-Friol, 57
(Melide)

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.



Campaña VERANO

Instituto de la Sordera

Revisión Auditiva 2020

GRATIS

Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al

648 75 47 61

Ronda da Coruña 34, Bajo.
C.P. 15800 **MELIDE**